



ACTA NÚM. 20 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2019.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:30 horas** do día **31 de outubro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal
Dona Marta Irene Lois González

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

Dña. Ana Gago Fernández, Viceinterventora do Concello.

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación inicial da modificación de ordenanzas fiscais.**
- 2. Aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento da asesoría xurídica.**
- 3. Proposta da alcaldía relativa ás dedicacións exclusivas dos membros da Corporación.**

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

A proposta de modificación de ordenanzas fiscais da concelleira de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, de data 15 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“A Concelleira de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, propón a aprobación pola Xunta de Goberno Local das seguintes modificacións das ordenanzas reguladoras dos ingresos de dereito público para que entren en vigor o 1 de xaneiro de 2020, previa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do acordo de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado das ordenanzas.

De entre todas elas cómpre destacar a proposta de modificación das ordenanzas do imposto de bens inmobles (IBI), do imposto de actividades económicas (IAE) e do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO), para introducir bonificacións de ata o 95% a favor de empresas que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo pleno da corporación, por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Pola importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial de Santiago de Compostela, as bonificacións que se contemplan nos casos de implantación de novas empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira, son máis vantaxosas.

A finalidade última destas modificacións é a de favorecer e fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio galego, no marco do protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, protocolo ao que se Adheriu o Concello de Santiago de Compostela mediante acordo do Pleno da Corporación do 29 de xullo de 2019.

As restantes propostas de modificación das ordenanzas fiscais poden clasificarse do seguinte xeito, en atención á finalidade última perseguida:

- Axuste das normas de xestión tributaria para incrementar a seguridade xurídica e a simplificación administrativa.
- Modificación do Anexo de clasificación das vías públicas da ordenanza 0.00 para incluír no trameiro as modificacións as que fai referencia o artigo 16.2 da citada ordenanza.
- Modificación do tipo de gravame do Imposto de Bens Inmóbles (IBI) aplicables aos bens inmóbles de natureza rústica e aos bens inmóbles de características especiais coa finalidade última de redistribuír a presión fiscal en beneficio dos inmóbles de natureza rústica.
- Modificación da porcentaxe de bonificacións IEA para (1) impulsar a xeración de emprego indefinido e (2) introdución dunha bonificación nova no IAE contribuír á protección do medio ambiente fomentado a utilización de enerxías renovables e o emprego de medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo e compartido.
- Modificación da porcentaxe de bonificacións no ICIO para fomentar a construcións de vivendas de protección autonómica e o acondicionamento e adaptación das construcións existentes para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade.

1.- ORDENANZA 0.00 ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

- 1.- Inclusión dun novo parágrafo 4, e reenumeración dos actuais 4 e 5 que pasan a ser o 5 e 6 respectivamente, do artigo 14 en canto á regulación con carácter xeral do órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais.
- 2.- Modificación do apartado 1 do artigo 28 para flexibilizar á esixencia de requisitos para a concesión de aprazamentos e fraccionamentos.
- 3.- Modificación do apartado 2 do artigo 31 para flexibilizar á esixencia de requisitos para a declaración de créditos incobrables.

4.- Modificación da clasificación de determinadas vías incluídas no Anexo de clasificación das vías públicas da ordenanza, para incluír no trameiro as modificacións a que fai referencia o artigo 16.2.

2.- ORDENANZA 1.01: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1.- Modificación do artigo 1.b) do tipo impositivo aplicable ao imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, que pasa do 0,51% ao 0,48%.

2.- Modificación do artigo 1 d) dos tipos impositivos diferenciados para os inmobles urbanos non residenciais, que se aplican como máximo ao 10 por cento dos que, para cada uso, teñan máis valor catastral, que pasa do 0,54% ao 0,55%

3.- Derrogación do apartado 9 do artigo 3 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

4.- Derrogación do apartado 8 bis, e nova redacción dos apartados 9 e 10 do artigo 3 de regulación de beneficios fiscais, previa declaración de especial interese ou utilidade municipal e, en consecuencia, reenumeración do actual apartado 10 que pasa a ser o apartado 11 do artigo 3

5.- Modificación do actual parágrafo 10 do artigo 3 de Bonificacións (pasa a ser o parágrafo 11 do mesmo artigo); e supresión do límite do 75%.

6.- Nova redacción do artigo 4, que pasa a denominarse Normas de xestión, relativas ás comunicacións catastrais e reenumeración do actual artigo 4 Infraccións e sancións que pasa a ser o artigo 5.

7.- Derrogación da disposición transitoria

3.- ORDENANZA 1.02: IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1.- Modificación dos apartados 2 e 3 do artigo 4 Exencións

2.- Derrogación do apartado 5 do artigo 4 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

3.- Derrogación do apartado 3 do artigo 5 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

4.- ORDENANZA 1.03: IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

- 1.- Modificación do artigo 4 Bonificación.
- 2.- Derrogación do último parágrafo do artigo 4 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

5.- ORDENANZA 1.04: IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS

- 1.- Modificación do actual apartado 1 do artigo 8 e nova redacción do apartado 2 do artigo 8 de regulación de beneficios fiscais, previa declaración de especial interese ou utilidade municipal
- 2.- Modificación do actual apartado 2 do artigo 8, que pasa a ser o apartado 3, bonificación a favor das construcións, instalacións e obras declaradas como vivendas de protección autonómica, que pasará da porcentaxe do 30% ao 50%
- 3.- Modificación da actual apartado 3 do artigo 8, que pasa a ser o apartado 4, de bonificación a favor das construcións, instalacións e obras de acondicionamento e adaptación necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade,, que pasará da porcentaxe do 50% ao 75%:
- 4.- Reenumeración do actual apartado 4 do artigo 5 que pasa a ser o apartado 5 do mesmo artigo
- 5.- Derrogación do actual apartado 5 do artigo 8 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

6.- ORDENANZA 1.05: IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

- 1.- Modificación do apartado 2 do artigo 3 de beneficio fiscal por incremento de postos de traballo, que pasa das porcentaxes actuais do 15%, 30% e 45% a 20%, 35% e 50% respectivamente.
- 2.- Nova redacción dos apartados 3 e 4 do artigo 3 de regulación de beneficios fiscais, previa declaración de especial interese ou utilidade municipal e nova redacción do apartado 5 do artigo 3 de réxime de incompatibilidades dos beneficios.
- 3.- Derrogación do actual apartado 2 do artigo 4 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais.

7.- ORDENANZA 3.14: TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

1.- Modificación do parágrafo 3 do artigo 7 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

8.- ORDENANZA 3.15: TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

1.- Modificación do parágrafo 3 do artigo 7 da en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

9.- ORDENANZA 3.16: TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

1.- Derrogación do parágrafo 4 do artigo 6 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais

2.- Reenumeración do actual parágrafo 5 do artigo 6 que pasa a ser o parágrafo 4 do mesmo artigo.

10.- ORDENANZA 3.24: TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

1.- Modificación do parágrafo 3 do artigo 8 en canto ao órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais”.

Con datas 29 de outubro e 30 de outubro do corrente ano, presentou correccións á proposta transcrita con anterioridade, no seguinte senso:

Con respecto á ordenanza 1.01: imposto sobre bens inmobles.-

“10.2.- A bonificación terá carácter rogado. Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.”

Con respecto a ordenanza 1.04: imposto sobre instalación, construción e obras.-

“4.- Reenumeración do actual apartado 4 do artigo 8 que pasa a ser o apartado 5 do mesmo artigo. Reenumeración dos actuais apartados 4.1 e 4.2 do artigo 8, que pasan a ser os apartados 5.1 e 5.2 do artigo.”



A proposta de modificación de ordenanzas fiscais foi informada por tesourería con data 8 de outubro e posterior corrección do día 30 do mesmo mes, por intervención e pola dirección da asesoría xurídica, ambos con data 17 de outubro, todos deste ano.

Así mesmo, foi aprobado o proxecto de modificación de ordenanzas pola Xunta de Goberno, na sesión extraordinaria do día 18 de outubro pasado.

Con data 24 de outubro do corrente ano, o grupo municipal do Partido Popular, presentou emendas á proposta de modificación das ordenanzas de ingresos públicos para o ano 2020, teñen o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta as seguintes emendas ao texto da Proposta de Modificación das ordenanzas de ingresos públicos para o ano 2020:

ORDENANZA 1.01 IMPOSTO DE BENS INMOBLES

EMENDA 1:

Emenda de substitución do Artigo 1º a):

Substituír o parágrafo:

“a) O tipo de grávame do imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,51%.”

Polo seguinte:

“a) O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,49%.”

EMENDA 2:

Emenda de substitución do Artigo 1º d), no que fai referencia aos tipos de gravames segundo o código de uso dos inmobles de natureza urbana, de forma que na relación que se detalla (A.- Almacén e estacionamento; C.- Comercial; G.- Lecer e hostalería; I.- Industrial; M.- Obras de urbanización, solares e solos sen edificar; O.- Oficinas; R.- Relixioso e T.- Espectáculos) se substitúa o tipo de gravame do 0,55% polo **0,54%**.

EMENDA 3:

Emenda de substitución do Artigo 3º.2:

Substituír o parágrafo:

“Ao longo dos dez exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 35% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.”

Polo seguinte:

*“Ao longo dos dez exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do **50%** na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.”*

EMENDA 4:

Emenda de modificación do Artigo 3º.3:

Proponse modificar a táboa de bonificacións para as familias numerosas, que quedaría do seguinte modo:

Intervalo	Bonificación
$\leq 1,25$ IPREM	90 %
$> 1,25$ IPREM e $\leq 1,50$ IPREM	80 %
$> 1,50$ IPREM e $\leq 1,75$ IPREM	70 %
$> 1,75$ IPREM e ≤ 2 IPREM	50 %
> 2 IPREM e $\leq 2,25$ IPREM	40 %
$> 2,25$ IPREM	30%

EMENDA 5:

Emenda de modificación do Artigo 3º.4:

Proponse modificar as porcentaxes de bonificación para inmoables no rural con carencia de servizos que figuran con bonificación do 90%, 60% e 30%, para quedar así:

- “a) Carencia dos tres servizos básicos, 90%.*
- b) Carencia de dous dos tres servizos básicos, **75%**.*
- c) Carencia de un dos tres servizos básicos, **45%**.”*

EMENDA 6:

Emenda de adición ao artigo 3:

Proponse engadir un novo punto 12:

*12. Gozarán dunha bonificación de ata o 50% da cota íntegra do imposto os inmobles nos que se desenvolvan actividades de **comercio minorista**, nas zonas que delimite ou declare o Pleno da Corporación, cuxa actividade sexa declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, e baixo as condicións e porcentaxes aplicables que declare devandito órgano municipal. O titular da actividade deberá ser propietario do local, ou ben se é arrendatario, o propietario repercutirallo o imposto sobre bens inmobles, e que teñan o seu domicilio fiscal ou social en Santiago de Compostela.*

O Pleno da Corporación deberá delimitar as referidas zonas nun prazo máximo de seis meses, que serán modificables por acordo do mesmo órgano.

*A declaración polo Pleno conlevará a exención da **Taxa de Apertura** nas condicións e porcentaxes que estableza o Pleno da Corporación para os novos negocios, debendo modificarse para o efecto a Ordenanza correspondente.*

ORDENANZA 1.02 IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

EMENDA 1:

Emenda de modificación do Artigo 6º.1:

Dada a dificultade técnica da redacción do artigo, o mesmo deberá ser redactado polo correspondente Departamento Técnico, sendo que se propón unha nova redacción do artigo a fin de aplicar:

-Unha baixada proporcional ata un máximo dun 5% segundo a potencia fiscal dos vehículos, sendo a maior baixada nos de menor potencia fiscal e tramos máis comúns en número de vehículos, e os de menor baixada nos de maior potencia fiscal.

ORDENANZA 1.03 IMPOSTO SOBRE O VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA

EMENDA 1:

Emenda de substitución ao Artigo 7.

Onde di:

“A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 22%.”

Dirá:

“A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 20%”.

ORDENANZA 1.04 IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

EMENDA 1:

Emenda de substitución do Artigo 6º.1

Onde di:

“1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 2 %.”

Deberá dicir:

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 1,8 %. Este tipo de gravame aplicarase durante os anos 2020 e 2021, e a partir do ano 2022 será do 2%.

ORDENANZA 1.05 IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

EMENDA 1:

Emenda de modificación do Artigo 3. Bonificacións:

Engádese un novo apartado 5, pasando o actual número 5 como número 6.

5.- Será asemade aplicable a bonificación prevista no artigo 88.2.a) da Lei de Facendas Locais.

(Esta nova bonificación deberá ser regulamentada polo Departamento Técnico)

Estas emendas deberán someterse aos correspondentes informes técnicos.”

As emendas presentadas foron informadas polos servizos de intervención e tesourería con data 30 de outubro do corrente ano.

A proposta e as emendas foron ditaminadas pola Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas na sesión extraordinaria celebrada o día 28 de outubro pasado.



Rematado o debate, procédese en primeiro lugar a votación por separado das emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular:

ORDENANZA 1.01 IMPOSTO DE BENS INMOBLES

EMENDA 1: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular e 16 votos en contra grupos municipais Socialista, Compostela Aberta e BNG, rexeita a devandita emenda.

EMENDA 2: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular, 12 en contra grupos municipais Socialista e Compostela Aberta e 2 abstencións BNG, rexeita a devandita emenda.

EMENDA 3: O Pleno da Corporación, por 10 votos a favor do Partido Popular e do BNG e 10 en contra grupo municipal Socialista e 4 abstencións Compostela Aberta, ao producirse empate procédese a unha segunda votación e acadándose idéntico resultado e co voto de calidade do señor alcalde-presidente, rexeitase a devandita emenda.

EMENDA 4: O Pleno da Corporación, por 10 votos a favor do Partido Popular e BNG, 10 votos en contra do grupo municipal Socialista e 4 abstencións do grupo municipal de Compostela Aberta, e ao producirse empate procédese a unha segunda votación e acadándose idéntico resultado, e co voto de calidade do señor alcalde-presidente, rexeitase a devandita emenda.

EMENDA 5: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular, 10 votos en contra do grupo municipal Socialista e 6 abstencións de Compostela Aberta e do BNG, desestima a devandita emenda.

EMENDA 6: Retirada, polo grupo Popular.

ORDENANZA 1.02 IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

EMENDA 1: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular e 12 en contra grupos municipais Socialista e Compostela Aberta e 2 abstencións BNG, desestima a devandita emenda.

ORDENANZA 1.03 IMPOSTO SOBRE O VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

EMENDA 1: O Pleno da Corporación, 8 votos a favor do Partido Popular e 16 en contra grupos municipais Socialista, Compostela Aberta e BNG, quedando desestimada.

ORDENANZA 1.04 IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

EMENDA 1: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular e 16 votos en contra grupos municipais Socialista, Compostela Aberta e BNG, desestima a devandita emenda.

ORDENANZA 1.05 IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

EMENDA 1: O Pleno da Corporación, por 8 votos a favor do Partido Popular e 12 votos en contra grupos municipais Socialista e de Compostela Aberta e 2 abstencións do BNG, rexeita a devandita emenda.

2.- A continuación ten lugar a votación conxunta das ordenanzas fiscais, e o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais Socialista e CA (10 PSdeG-PSOE e 4 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), acorda:

a) Aprobación inicial das modificacións que se recollen nas seguintes ordenanzas:

“1) ORDENANZA 0.00. ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO.

- Engádesse un novo apdo. 4 e renuméranse os actuais apdos. 4 e 5, que pasan a ser o 5 e o 6, do art. 14, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 14. Beneficios fiscais.

1.- Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

2.- Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais establecidos nas respectivas ordenanzas fiscais, que incluírán, na súa regulación os aspectos substantivos e formais, cos límites e nos supostos expresamente previstos pola lei.

3.- Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada tributo, que terá carácter preferente, nos casos en que o beneficio fiscal se conceda a instancia de parte, a solicitude deberá presentarse:

a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

b) Cando se trate de tributos nos que se ten establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.

c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.

4.- Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada tributo, que terá carácter preferente, o órgano competente para a resolución dos expedientes de beneficios fiscais é a Concellaría de Facenda, previo informe dos departamentos municipais que correspondan e, en todo caso, da Tesourería municipal. No suposto de beneficios fiscais nos que é precisa a declaración de interese o utilidade do Pleno municipal, éste será o órgano que resolva o expediente.

5.- Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento, neste caso estarase ao establecido no apartado seguinte deste artigo.

6.- Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais, que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron. A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión de ditos actos nos termos previstos no título V da Lei Xeral Tributaria.

- Modifícase o apdo. 1 do art. 28, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 28. Aprazamento e fraccionamento do pago: garantías.

1.- A esixencia de garantías estará en función do obrigado ao pago e do importe das débedas para as que se pide o aprazamento ou fraccionamento segundo as seguintes regras:

a) Para as Administracións públicas calquera que sexa a contía e para o resto dos obrigados cando as débedas sexan inferiores a 7.000 euros non se esixirá garantía.

b) Para as débedas superiores a 7.000 euros e ata 9.000 euros, o obrigado tributario poderá solicitar a exención total ou parcial da achega de garantía, mediante a achega de: declaración responsable; xustificación documental da imposibilidade de obter aval de polo menos dúas entidades financeiras; carecer de carecer de bens ou non posuír outros distintos aos ofrecidos.

c) Para as débedas superiores a 9.000 euros, será necesaria a prestación de garantía suficiente que avale o fraccionamento ou aprazamento solicitado.

2.- Aceptaranse con carácter xeral as seguintes garantías:

a) Aval solidario de entidades de depósito.

b) Calquera outra que se considere suficiente, cando se acredite a imposibilidade de obter o aval.

3.- Con carácter excepcional admitiranse as seguintes garantías:

a) Tratándose de débedas en período executivo, a garantía poderá consistir na anotación de embargo preventivo de bens do debedor nos rexistros públicos correspondentes.

b) O obrigado ao pago poderá solicitar a adopción dunha medida cautelar para constituír a garantía, a medida cautelar poderá consistir na retención de devolucións ou outros pagos en trámite, anotación preventiva de embargo de bens que lle pertencen, ou calquera outra que estime oportuna.

4.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá achegar ou, de se lo caso, a dispensa desta obriga.

5.- A garantía deberá achegarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente pola vía de constrinximento a débeda cos xuros e recargas correspondentes do período executivo, sempre que rematara o período regulamentario de ingreso.

- Modifícase o apdo. 2 do art. 31, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 31. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables.

1.- Coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade do procedemento co de eficacia administrativa, establécense os requisitos e condicións que deben verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables.

2.- A documentación xustificativa será diferente en función dos importes e características da débeda. Se distinguirán os seguintes supostos:

a) Expedientes por débedas acumuladas de importe ata **900 EUR**. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

a.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, nin no Imposto sobre actividades económicas.

a.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

a.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

b) Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a **900 EUR** que figuren a nome de persoas físicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

b.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

b.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

b.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

b.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.

c) Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a **900 EUR** que figuren a nome de entidades xurídicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:

c.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

c.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en períodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes

entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

c.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.

c.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.

c.5 Constataranse as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

3.- Para determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computaranse todas as débedas dun contribuínte que queden pendentes de pago e sempre que se ditara xa a providencia de constrinximento. Posporase a proposta de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos en que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación posterior do expediente.

- Modifícase a clasificación de determinadas vías incluídas no anexo de clasificación das vías públicas, quedando redactado do seguinte teor:

A N E X O

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
25	RUA	AGRA DE ARRIBA (DA)	18	56	R54	Z-5
25	RUA	AGRA DE ARRIBA (DA)	1-3	35	R54	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	1	23	U00	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	35	47	R54	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	0	0	R54	Z-5
60	RUA	AGRO DOS MOZOS (DO)	4	22	U00	Z-5
70	LG	AGUALADA	1	31	U00	Z-5
70	LG	AGUALADA	0	30	U00	Z-5
75	LG	ALBARDE	1	7	U00	Z-5
75	LG	ALBARDE	0	6	U00	Z-5
85	LG	ALDEA DE ABAIXO (A)	0	26	U00	Z-5
85	LG	ALDEA DE ABAIXO (A)	1	25	U00	Z-5
90	LG	ALDREI	1	37	U00	Z-5
90	LG	ALDREI	0	58	U00	Z-5
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	1	3	R39	Z-3
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	4	6	R39	Z-3
110	PRAZA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	10	10	R35	Z-2
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	3	35	R39	Z-3
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	37	39	R35	Z-2
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	8	30	R39	Z-3
115	RUA	ALGALIA DE ABAIXO (DA)	32	34	R35	Z-2
165	LG	AMAÑECIDA (A)	1	19	U00	Z-5
165	LG	AMAÑECIDA (A)	0	18	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
175	CMÑO	AMEIXAGA (DA)	2	24	R45	Z-4
175	CMÑO	AMEIXAGA (DA)	1	13	R45	Z-4
190	RUA	AMOR RUIBAL (DE)	0	32	R35	Z-3
190	RUA	AMOR RUIBAL (DE)	7	35	R35	Z-3
255	LG	ARAMIO (O)	2	24	U00	Z-5
255	LG	ARAMIO (O)	1	25	U00	Z-5
315	LG	BALSOMA	1	45C	U00	Z-5
315	LG	BALSOMA	0	42	U00	Z-5
325	LG	BANDO DE ARRIBA	0	38	U00	Z-5
325	LG	BANDO DE ARRIBA	15	53	U00	Z-5
350	LG	BARCIELA (A)	0	24	U00	Z-5
350	LG	BARCIELA (A)	1	25	U00	Z-5
360	LG	BARRAL (O)	1	33	U00	Z-5
360	LG	BARRAL (O)	0	34A	U00	Z-5
410	PRAZA	BELVIS (DE)	1	5	R54	Z-5
410	PRAZA	BELVIS (DE)	2	6	R54	Z-5
440	RUA	BERMEJO (DE)	0	0	R54	Z-5
440	RUA	BERMEJO (DE)	1	33	R54	Z-5
490	LG	BORNAIS	0	44	U00	Z-5
490	LG	BORNAIS	1	53	U00	Z-5
505	RUELA	BRION (DE)	1	11F	R45	Z-4
505	RUELA	BRION (DE)	4	10	R45	Z-4
555	TRVA	CALZADA DO SAR (DA)	0	28	R54	Z-5
565	CMÑO	LERMO (DE)	3	33	R54	Z-5
565	CMÑO	LERMO (DE)	37	37	Z00	Z-5
565	CMÑO	LERMO (DE)	12	20	R54	Z-5
565	CMÑO	LERMO (DE)	38	50	Z00	Z-5
570	CMÑO	VILARES (DOS)	0	184B	R54	Z-5
570	CMÑO	VILARES (DOS)	186	250	Z00	Z-5
570	CMÑO	VILARES (DOS)	5	151A	R54	Z-5
570	CMÑO	VILARES (DOS)	211	245	Z00	Z-5
600	RUA	CAMPIÑA (DA)	0	16	R51	Z-5
600	RUA	CAMPIÑA (DA)	20	48	R54	Z-5
600	RUA	CAMPIÑA (DA)	1	3B	R51	Z-5
600	RUA	CAMPIÑA (DA)	5	51	R54	Z-5
610	RUA	CAMPIÑO DE GUADALUPE (DO)	1	55	R54	Z-5
610	RUA	CAMPIÑO DE GUADALUPE (DO)	0	18	R54	Z-5
625	RUA	CAMPO DO AMO (DO)	1	23	R54	Z-5
625	RUA	CAMPO DO AMO (DO)	0	6	R54	Z-5
645	RUA	CANCELAS (DAS)	1	125	R51	Z-5
645	RUA	CANCELAS (DAS)	0	98	R51	Z-5
685	RUA	CANTEIRA DE ARRIBA (DA)	1	95	R51	Z-5
685	RUA	CANTEIRA DE ARRIBA (DA)	0	78	R51	Z-5
685	RUA	CANTEIRA DE ARRIBA (DA)	98	98	R45	Z-4
690	RUA	CANTEIRAS DO SAR (DAS)	0	130	R54	Z-5
690	RUA	CANTEIRAS DO SAR (DAS)	15	95	R54	Z-5
700	RUA	CAÑEIRA (DA)	1	17	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
700	RUA	CAÑEIRA (DA)	0	44	Z00	Z-5
705	RUA	CAÑOTEIRA (DA)	0	42	R54	Z-5
705	RUA	CAÑOTEIRA (DA)	9	45	R54	Z-5
755	CZADA	CARME DE ABAIXO (DO)	3	29	R45	Z-4
755	CZADA	CARME DE ABAIXO (DO)	0	6	R45	Z-4
755	CZADA	CARME DE ABAIXO (DO)	10	28	R45	Z-4
775	RUA	CAROLLA (DA)	1	1	R54	Z-5
775	RUA	CAROLLA (DA)	2	2	R54	Z-5
820	LG	CASAL DE LARAÑO (O)	2	48	U00	Z-5
835	RUA	CASAS DA HEDRA (DAS)	1	25	R54	Z-5
835	RUA	CASAS DA HEDRA (DAS)	0	16	R54	Z-5
840	TRVA	CASAS DA HEDRA (DAS)	1	17	R54	Z-5
840	TRVA	CASAS DA HEDRA (DAS)	0	2	R54	Z-5
890	LG	CASTIÑEIRA PEQUENA (A)	0	20	U00	Z-5
890	LG	CASTIÑEIRA PEQUENA (A)	1	13	U00	Z-5
900	RUA	CASTIÑEIRIÑO (DO)	0	80A	R51	Z-4
900	RUA	CASTIÑEIRIÑO (DO)	82	110	R54	Z-5
900	RUA	CASTIÑEIRIÑO (DO)	1	91	R51	Z-4
920	LG	CASTRO DE CESAR (O)	0	8	U00	Z-5
920	LG	CASTRO DE CESAR (O)	1	7	U00	Z-5
940	RUA	ESCALINATA DO CEBREIRO (DA)	3	3	R54	Z-5
955	RUA	CEO (DO)	1	23	R51	Z-5
955	RUA	CEO (DO)	2-4	30	R51	Z-5
990	RUA	CHICHARO (DO)	1	3	R51	Z-5
990	RUA	CHICHARO (DO)	5	37	Z00	Z-5
990	RUA	CHICHARO (DO)	0	54	Z00	Z-5
1000	RUA	CHOUCHIÑOS (DOS)	6	46	R54	Z-5
1000	RUA	CHOUCHIÑOS (DOS)	15	35	R54	Z-5
1005	RUA	CHOUPANA (DA)	1	23-25	R45	Z-4
1005	RUA	CHOUPANA (DA)	27	27	R51	Z-5
1005	RUA	CHOUPANA (DA)	22	24	R45	Z-4
1030	AVDA	CIENCIAS (DAS)	0	0	R45	Z-4
1030	AVDA	CIENCIAS (DAS)	1	7	R45	Z-4
1035	RUA	CIMA DA EIRA (DA)	0	56	U00	Z-5
1035	RUA	CIMA DA EIRA (DA)	11	55	U00	Z-5
1045	RUA	CODESEIRA DE AMIO (DA)	2	6	R54	Z-5
1045	RUA	CODESEIRA DE AMIO (DA)	1	5	R54	Z-5
1075	RUA	COMBARRO (DO)	0	42	R54	Z-5
1075	RUA	COMBARRO (DO)	42A	42A	Z00	Z-5
1075	RUA	COMBARRO (DO)	44	66A	R54	Z-5
1075	RUA	COMBARRO (DO)	23	55	R54	Z-5
1075	RUA	COMBARRO (DO)	57	57	Z00	Z-5
1115	RUA	CONGA (DA)	1	9	R35	Z-1
1115	RUA	CONGA (DA)	2	8	R35	Z-1
1115	RUA	CONGA (DA)	14	14	R28	Z-1
1160	RUA	CORGO (DO)	7	7	R54	Z-5
1160	RUA	CORGO (DO)	13	31	Z00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
1160	RUA	CORGO (DO)	10	10	Z00	Z-5
1160	RUA	CORGO (DO)	28	30	R54	Z-5
1195	COSTA	NOVA DE ARRIBA	2	8	R51	Z-4
1195	COSTA	NOVA DE ARRIBA	1-3	7	R51	Z-4
1244	PQUE	CRUCEIRO DA CORUÑA (DO)	0	0	R54	Z-5
1315	LG	DEVESA (A)	1	67	U00	Z-5
1315	LG	DEVESA (A)	2	70	U00	Z-5
1410	LG	EIXO DE ARRIBA (O)	0	48B	U00	Z-5
1410	LG	EIXO DE ARRIBA (O)	25	45	U00	Z-5
1535	TRVA	ESTRADA (DA)	0	14	R51	Z-4
1535	TRVA	ESTRADA (DA)	16	38	R54	Z-5
1535	TRVA	ESTRADA (DA)	1	1	R35	Z-3
1535	TRVA	ESTRADA (DA)	5	29	R51	Z-4
1535	TRVA	ESTRADA (DA)	31	45	R54	Z-5
1635	RUA	FONTE DE MALLOU (DA)	0	8	R54	Z-5
1635	RUA	FONTE DE MALLOU (DA)	10	36	R51	Z-5
1635	RUA	FONTE DE MALLOU (DA)	38	44	R54	Z-5
1635	RUA	FONTE DE MALLOU (DA)	1	19	R51	Z-5
1635	RUA	FONTE DE MALLOU (DA)	21	89	R54	Z-5
1640	RUA	FONTE DE SAN MIGUEL (DA)	1	1A	R39	Z-3
1640	RUA	FONTE DE SAN MIGUEL (DA)	3	3	R35	Z-2
1640	RUA	FONTE DE SAN MIGUEL (DA)	7	9	R39	Z-3
1640	RUA	FONTE DE SAN MIGUEL (DA)	2	4	R35	Z-2
1640	RUA	FONTE DE SAN MIGUEL (DA)	6	10	R39	Z-3
1675	LG	FONTECOVA (A)	1	5	Z00	Z-5
1675	LG	FONTECOVA (A)	0	4	Z00	Z-5
1680	RUA	FONTECOVA (DA)	1	15	R54	Z-5
1680	RUA	FONTECOVA (DA)	19	21	Z00	Z-5
1680	RUA	FONTECOVA (DA)	0	44	Z00	Z-5
1680	RUA	FONTECOVA (DA)	46	48	R54	Z-5
1725	RUA	FOZAN (DE)	3	3	R54	Z-5
1725	RUA	FOZAN (DE)	8	8	R54	Z-5
1725	RUA	FOZAN (DE)	20	20	U00	Z-5
1750	RUA	FRANCO (DO)	1	1	R28	Z-1
1750	RUA	FRANCO (DO)	3	21	R31	Z-1
1750	RUA	FRANCO (DO)	23	23	R35	Z-1
1750	RUA	FRANCO (DO)	27	59	R31	Z-1
1750	RUA	FRANCO (DO)	2	2A	R28	Z-1
1750	RUA	FRANCO (DO)	4	58	R31	Z-1
1755	TRVA	FRANCO (DO)	2	4	R35	Z-1
1755	TRVA	FRANCO (DO)	3	3	R35	Z-1
1755	TRVA	FRANCO (DO)	3A	3A	R31	Z-1
1760	RUA	FREI ROSENDO SALVADO (DE)	2	28	R28	Z-1
1760	RUA	FREI ROSENDO SALVADO (DE)	1-3	23	R28	Z-1
1775	RUA	GALERAS (DAS)	0	0	R39	Z-3
1775	RUA	GALERAS (DAS)	14	14A	R35	Z-2
1775	RUA	GALERAS (DAS)	16A	28	R31	Z-2

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
1775	RUA	GALERAS (DAS)	28A	28B	R35	Z-2
1775	RUA	GALERAS (DAS)	30	30	R31	Z-2
1775	RUA	GALERAS (DAS)	30A	30B	R35	Z-2
1775	RUA	GALERAS (DAS)	32	46	R31	Z-2
1775	RUA	GALERAS (DAS)	1	17	R31	Z-2
1835	LG	GOSENDE	1	9	U00	Z-5
1835	LG	GOSENDE	2	8	U00	Z-5
1935	LG	IGREXA DE CESAR (A)	0	10D	U00	Z-5
1935	LG	IGREXA DE CESAR (A)	1	9	U00	Z-5
2010	LG	LAMAS DO CARBALLAL	0	14	U00	Z-5
2010	LG	LAMAS DO CARBALLAL	1	51	U00	Z-5
2060	RUA	LAVADOIRO (DO)	3	17	R54	Z-5
2060	RUA	LAVADOIRO (DO)	2	12	R54	Z-5
2075	LG	LERMO	1	25	R51	Z-5
2075	LG	LERMO	2A	24	R51	Z-5
2085	RUA	LIMPADOIRO (DO)	0	20	Z00	Z-5
2085	RUA	LIMPADOIRO (DO)	13	27	Z00	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	0	6	R51	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	6	6A	R54	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	26	56B	R51	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	1	1	R51	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	3-5	27B	R54	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	29	45	R51	Z-5
2150	RUA	MALLOU DE ABAIXO (DE)	57	57	R54	Z-5
2155	RUA	MALLOU (DE)	0	80	R51	Z-5
2155	RUA	MALLOU (DE)	1A	131	R51	Z-5
2195	PRAZA	MARTIN HERRERA (DE)	1	1	R54	Z-5
2195	PRAZA	MARTIN HERRERA (DE)	2	4	R54	Z-5
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	1	23	R51	Z-4
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	31	65	R54	Z-5
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	4	8	R51	Z-4
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	10	10	R35	Z-3
2290	RUA	MONTE DO SEIXO (DO)	20	48	R54	Z-5
2495	LG	OUTEIRO DO CASTIÑEIRIÑO	0	92	U00	Z-5
2495	LG	OUTEIRO DO CASTIÑEIRIÑO	1	89	U00	Z-5
2500	LG	OUTEIRO DE MARANTES (O)	1	7	U00	Z-5
2500	LG	OUTEIRO DE MARANTES (O)	0	6	U00	Z-5
2515	RUA	PAI DA CANA (DE)	3	55	Z00	Z-5
2515	RUA	PAI DA CANA (DE)	0	60	Z00	Z-5
2525	LG	PARADELAS DE ABAIXO (AS)	1	13	U00	Z-5
2525	LG	PARADELAS DE ABAIXO (AS)	0	12	U00	Z-5
2530	LG	PARADELAS DE ARRIBA (AS)	1	3	U00	Z-5
2530	LG	PARADELAS DE ARRIBA (AS)	0	4	U00	Z-5
2535	LG	PARADELA	1A	7	Z00	Z-5
2535	LG	PARADELA	2	6	Z00	Z-5
2545	LG	PARDACES DE ARRIBA	0	18	U00	Z-5
2545	LG	PARDACES DE ARRIBA	1	17	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
2560	LG	PAREDES DE LARAÑO	1	29	U00	Z-5
2560	LG	PAREDES DE LARAÑO	0	30A	U00	Z-5
2570	RUA	PARIS (DE)	5A	11C	R39	Z-3
2570	RUA	PARIS (DE)	15F	19G	R45	Z-4
2570	RUA	PARIS (DE)	21H	23G	R54	Z-5
2570	RUA	PARIS (DE)	34	34	R39	Z-3
2605	RUA	PEDRA ALBEIRA (DA)	1A	5	U00	Z-5
2605	RUA	PEDRA ALBEIRA (DA)	2	10	U00	Z-5
2630	LG	PENA (A)	0	22	U00	Z-5
2630	LG	PENA (A)	3	15	U00	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	0	22	R51	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	24A	50	R54	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	52	80	R45	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	82	92	R54	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	1	19	R51	Z-5
2645	RUA	PENA MARIA (DA)	67	69	R54	Z-5
2760	LG	PIÑEIRO DO EIXO	1	41	U00	Z-5
2760	LG	PIÑEIRO DO EIXO	4	42	U00	Z-5
2765	LG	PIÑEIRO DA ENFESTA	0	30	U00	Z-5
2765	LG	PIÑEIRO DA ENFESTA	3	13	U00	Z-5
2820	RUA	PONTE DA ASEN (DA)	0	20A	R51	Z-5
2820	RUA	PONTE DA ASEN (DA)	1	21	R51	Z-5
		PONTE DE SAN LAZARO DE ABAIXO				
2835	RUA	(DA)	5	39B	U00	Z-5
		PONTE DE SAN LAZARO DE ABAIXO				
2835	RUA	(DA)	0	34	U00	Z-5
2855	RUA	PONTE DO VISO (DA)	1	13	R54	Z-5
2855	RUA	PONTE DO VISO (DA)	0	26	R54	Z-5
2890	RUA	PONTE VELLA (DA)	1	17	U00	Z-5
2890	RUA	PONTE VELLA (DA)	19	31	R45	Z-5
2890	RUA	PONTE VELLA (DA)	0	26	U00	Z-5
2900	LG	PONTE (A)	0	38	U00	Z-5
2900	LG	PONTE (A)	1	31	U00	Z-5
2905	RUA	PONTE PEDRIÑA DE ARRIBA (DA)	1	13	U00	Z-5
2905	RUA	PONTE PEDRIÑA DE ARRIBA (DA)	0	36	U00	Z-5
2955	LG	PORTELA DE VILLESTRO (A)	3	77	U00	Z-5
2955	LG	PORTELA DE VILLESTRO (A)	0	72	U00	Z-5
2967	RUA	PORTO DE VITE (DO)	2	2B	R54	Z-5
3030	PRAZA	PRATERIAS (DAS)	2	2	R28	Z-1
3030	PRAZA	PRATERIAS (DAS)	1	7	R28	Z-1
3100	RUELA	QUINTEIRO (DO)	2	8	U00	Z-5
3100	RUELA	QUINTEIRO (DO)	1A	7	U00	Z-5
3120	LG	RAMELLE	0	6	U00	Z-5
3120	LG	RAMELLE	1	1	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	1	13	U00	Z-5
3125	LG	RAMIL	0	14	U00	Z-5
3130	RUA	RAMON BALTAR (DE)	0	24B	R54	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
3130	RUA	RAMON BALTAR (DE)	5	73	R54	Z-5
3160	LG	REBORDAOS	0	46	U00	Z-5
3160	LG	REBORDAOS	5	49	U00	Z-5
3165	LG	REBOREDO	0	24	U00	Z-5
3165	LG	REBOREDO	1A	23	U00	Z-5
3170	LG	REBORIDO	0	40	U00	Z-5
3170	LG	REBORIDO	1A	25	U00	Z-5
3182	AVDA	PONTEVEDRA (DE)	1	73	Z00	Z-5
3182	AVDA	PONTEVEDRA (DE)	0	48	Z00	Z-5
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	1	5	R24	Z-1
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	23	95	R31	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	97	97	R35	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	97B	97B	R31	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	99	103	R35	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	103B	103B	R31	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	105	129	R35	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	131	133	R39	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	4	112	R31	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	114	138	R35	Z-2
3315	AVDA	ROSALIA DE CASTRO (DE)	154	170	R39	Z-2
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	1	7	R51	Z-5
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	9	15C	R54	Z-5
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	31	51	R51	Z-5
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	0	8	R51	Z-5
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	10	28	R54	Z-5
3355	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ABAIXO (DOS)	40	40	R51	Z-5
3360	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ARRIBA (DOS)	2	8	R51	Z-5
3360	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ARRIBA (DOS)	10	14	R54	Z-5
3360	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ARRIBA (DOS)	18	52	R51	Z-5
3360	RUA	SALGUEIRIÑOS DE ARRIBA (DOS)	1	21	R51	Z-5
3485	RUA	SAN MIGUEL DOS AGROS (DE)	1	7	R39	Z-3
3485	RUA	SAN MIGUEL DOS AGROS (DE)	2	6	R39	Z-3
3515	CZADA	SAN PEDRO (DE)	0	0	R54	Z-5
3515	CZADA	SAN PEDRO (DE)	4	4	R35	Z-2
3515	CZADA	SAN PEDRO (DE)	6	16	R54	Z-5
3515	CZADA	SAN PEDRO (DE)	5	17	R54	Z-5
3540	RUA	SAN ROQUE (DE)	0	24	R35	Z-2
3540	RUA	SAN ROQUE (DE)	26	26	R39	Z-3
3540	RUA	SAN ROQUE (DE)	3	37	R35	Z-2
3545	LG	SAN SILVESTRE	1	21	U00	Z-5
3545	LG	SAN SILVESTRE	2	18	U00	Z-5
3600	LG	FEANS	0	44	U00	Z-5
3600	LG	FEANS	23	49	U00	Z-5
3615	TRVA	SANTA MARTA DE ABAIXO (DE)	4	6	R45	Z-4
3615	TRVA	SANTA MARTA DE ABAIXO (DE)	8	16	R51	Z-4
3615	TRVA	SANTA MARTA DE ABAIXO (DE)	1	1	R45	Z-4
3615	TRVA	SANTA MARTA DE ABAIXO (DE)	9	27	R51	Z-4

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
3660	PRAZA	SANTO AGOSTIÑO (DE)	2	6	R39	Z-2
3660	PRAZA	SANTO AGOSTIÑO (DE)	3	9	R39	Z-2
3690	LG	SANTO IGNACIO DO MONTE	0	16	U00	Z-5
3690	LG	SANTO IGNACIO DO MONTE	1	11	U00	Z-5
3695	LG	SANTOMIL	0	36	U00	Z-5
3695	LG	SANTOMIL	1	41	U00	Z-5
3700	LG	SANXUAS	0	42	U00	Z-5
3700	LG	SANXUAS	1	21	U00	Z-5
3720	RUA	SARELA DE ABAIXO (DO)	0	10	R54	Z-5
3720	RUA	SARELA DE ABAIXO (DO)	20	20	U00	Z-5
3720	RUA	SARELA DE ABAIXO (DO)	7	21	U00	Z-5
3780	LG	SOBRINS	1	15	U00	Z-5
3780	LG	SOBRINS	2	16	U00	Z-5
3785	RUA	SOL (DO)	3	37	Z00	Z-5
3785	RUA	SOL (DO)	0	34	Z00	Z-5
3795	LG	SON DE ABAIXO	1	93	U00	Z-5
3795	LG	SON DE ABAIXO	2	60	U00	Z-5
3810	RUA	SUARRIBAS (DE)	0	32	R54	Z-5
3810	RUA	SUARRIBAS (DE)	1B	61	R54	Z-5
3825	RUELA	TAFONA (DA)	1	7	R45	Z-4
3825	RUELA	TAFONA (DA)	2	8	R45	Z-4
3875	RUA	TORREIRA (DA)	1	57	U00	Z-5
3875	RUA	TORREIRA (DA)	0	52	U00	Z-5
3895	RUELA	TORRENTE (DE)	3	11	R54	Z-5
3895	RUELA	TORRENTE (DE)	2	12	R54	Z-5
3945	LG	TRAS IGREXA	0	40B	U00	Z-5
3945	LG	TRAS IGREXA	7A	43	U00	Z-5
3955	RUA	TRAS SALOME (DE)	2	6	R31	Z-2
3955	RUA	TRAS SALOME (DE)	7	7	R31	Z-2
3990	RUA	TRINDADE (DA)	2	12	R35	Z-2
3990	RUA	TRINDADE (DA)	1	17	R35	Z-2
4015	RUA	TRUQUES (DOS)	1	1	R39	Z-3
4015	RUA	TRUQUES (DOS)	3	5	R51	Z-4
4015	RUA	TRUQUES (DOS)	4	6	R51	Z-4
4060	LG	VALADO DO EIXO (O)	1	39	U00	Z-5
4060	LG	VALADO DO EIXO (O)	0	24B	U00	Z-5
4175	RUA	VIEIRO (DO)	0	24	R39	Z-3
4175	RUA	VIEIRO (DO)	28	42	R51	Z-4
4175	RUA	VIEIRO (DO)	46	50	R45	Z-3
4175	RUA	VIEIRO (DO)	3	19	R39	Z-3
4175	RUA	VIEIRO (DO)	25	29	R51	Z-4
4225	LG	VILAMAIOR	0	30	U00	Z-5
4225	LG	VILAMAIOR	1	37	U00	Z-5
4255	LG	VILARES (OS)	1	29	U00	Z-5
4255	LG	VILARES (OS)	2	30	U00	Z-5
4315	RUA	VIRXE DE FATIMA (DA)	1	45	R54	Z-5
4315	RUA	VIRXE DE FATIMA (DA)	0	26	R51	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
4315	RUA	VIRXE DE FATIMA (DA)	34	62	R54	Z-5
4325	RUA	VISO DE ARRIBA (DO)	7	25	R54	Z-5
4325	RUA	VISO DE ARRIBA (DO)	10	34	R54	Z-5
4350	TRVA	VISTA ALEGRE (DE)	4	46	R54	Z-5
4350	TRVA	VISTA ALEGRE (DE)	5	105	R54	Z-5
4355	RUA	VITE DE ABAIXO (DE)	0	84	U00	Z-5
4355	RUA	VITE DE ABAIXO (DE)	1	1	R54	Z-5
4355	RUA	VITE DE ABAIXO (DE)	19	63A	U00	Z-5
4355	RUA	VITE DE ABAIXO (DE)	65	71	R54	Z-5
4355	RUA	VITE DE ABAIXO (DE)	77	87	U00	Z-5
4365	TRVA	VITE DE ARRIBA (DE)	0	12	U00	Z-5
4365	TRVA	VITE DE ARRIBA (DE)	9	13	U00	Z-5
4370	LG	VIXOI	1	73	U00	Z-5
4370	LG	VIXOI	0	60	U00	Z-5
4385	LG	VRINS	0	20	U00	Z-5
4385	LG	VRINS	1	15	U00	Z-5
4415	LG	XESTEIRA (A)	1	27A	U00	Z-5
4415	LG	XESTEIRA (A)	0	20	U00	Z-5
4437	RUA	XOAQUIN DIAZ DE RABAGO (DE)	2-6	10	R45	Z-4
4450	LG	ZARAMACEDO	1	51	U00	Z-5
4450	LG	ZARAMACEDO	2	32	U00	Z-5
4460	RUA	PAMPLONA (DE)	0	10	R39	Z-3
4460	RUA	PAMPLONA (DE)	1	7	R39	Z-3
4492	RUA	MORCEGO (DO)	0	28	U00	Z-5
4492	RUA	MORCEGO (DO)	1	35	U00	Z-5
4499	RUA	PENIÑAS (DAS)	0	20	U00	Z-5
4499	RUA	PENIÑAS (DAS)	3	17	U00	Z-5
4500	RUA	ROCHEIRA (DA)	3	19	U00	Z-5
4500	RUA	ROCHEIRA (DA)	0	34A	U00	Z-5
4502	CMÑO	REAL DE PIÑEIRO	0	48	U00	Z-5
4502	CMÑO	REAL DE PIÑEIRO	5	49	U00	Z-5
4509	RUA	GOZO (DO)	1	33	U00	Z-5
4509	RUA	GOZO (DO)	0	42	U00	Z-5
4511	RUA	COTO DOS OLMOS (DO)	0	76	U00	Z-5
4511	RUA	COTO DOS OLMOS (DO)	5	31	U00	Z-5
4513	TRVA	SAN MARCOS (DE)	1	15	U00	Z-5
4513	TRVA	SAN MARCOS (DE)	2	12	U00	Z-5
4513	TRVA	SAN MARCOS (DE)	16	20	R54	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	3	53C	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	53D	53D	R45	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	55	61	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	61A	97	R45	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	0	54	U00	Z-5
4520	RUA	BARROSA (DA)	68	74	R45	Z-5
4526	RUA	XUNLLA (DA)	1	65	U00	Z-5
4526	RUA	XUNLLA (DA)	0	50	U00	Z-5
4532	RUA	EIRA NOVA (DA)	1	73	U00	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
4532	RUA	EIRA NOVA (DA)	4	72	U00	Z-5
4542	RUA	BRUA (DA)	2	40	U00	Z-5
4542	RUA	BRUA (DA)	5	29	U00	Z-5
4560	LG	PARDIÑAS	1	59	U00	Z-5
4560	LG	PARDIÑAS	0	62	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	0	10	R54	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	12	18A	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	24	30	R54	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	50	50	Z00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	1	5	U00	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	5A	15	R54	Z-5
4561	LG	AGRA DOS CAMPOS	19	43	U00	Z-5
4565	LG	ABETOS (OS)	1	17	U00	Z-5
4565	LG	ABETOS (OS)	2	28	U00	Z-5
4573	RUA	ROMAÑO (DO)	1	19	Z00	Z-5
4573	RUA	ROMAÑO (DO)	12	12	Z00	Z-5
4574	LG	QUENLLAS (AS)	0	46	U00	Z-5
4574	LG	QUENLLAS (AS)	1	47	U00	Z-5
4582	TRVA	LERMO (DE)	1	41	U00	Z-5
4582	TRVA	LERMO (DE)	2	28	U00	Z-5
4584	TRVA	SUSANA (DA)	0	26	U00	Z-5
4584	TRVA	SUSANA (DA)	1A	11	U00	Z-5
4677	RUA	REDONDELO (DO)	1	15	U00	Z-5
4677	RUA	REDONDELO (DO)	0	48	U00	Z-5
4678	RUA	MARROZOS (DE)	1	39	U00	Z-5
4678	RUA	MARROZOS (DE)	0	22	U00	Z-5
4681	CMÑO	SALES (DE)	1	15	U00	Z-5
4681	CMÑO	SALES (DE)	4	14	U00	Z-5
4682	RUA	CENTIEIRA (DA)	1	23	U00	Z-5
4682	RUA	CENTIEIRA (DA)	4	8A	U00	Z-5
4687	RUA	XUBRIS (DE)	1	31	U00	Z-5
4687	RUA	XUBRIS (DE)	4	6	U00	Z-5
4689	TRVA	SISTO (DO)	1	89	U00	Z-5
4689	TRVA	SISTO (DO)	0	106	U00	Z-5
4690	RUA	VEIGUIÑA (DA)	1	35	Z00	Z-5
4690	RUA	VEIGUIÑA (DA)	2	34	Z00	Z-5
4810	RUA	ESCUPTOR CAMILO OTERO (DO)	0	22	R35	Z-3
4810	RUA	ESCUPTOR CAMILO OTERO (DO)	1	3	R39	Z-4
4810	RUA	ESCUPTOR CAMILO OTERO (DO)	5	21	R35	Z-3
4835	RUA	PINTOR LAXEIRO (DO)	0	0	R35	Z-3
4835	RUA	PINTOR LAXEIRO (DO)	1	5	R35	Z-3
4900	RUA	ALCALDE RAIMUNDO LOPEZ POL (DO)	1	1	R45	Z-5
4900	RUA	ALCALDE RAIMUNDO LOPEZ POL (DO)	0	0	R45	Z-5
4970	RUA	GUMERSINDO BUSTO VILLANUEVA (DE)	1	3	R54	Z-5

Código vía	Sigla vía	Nome Vía	Nº inicio	Nº fin	CODZOV	CÓDCOS
		GUMERSINDO BUSTO VILLANUEVA				
4970	RUA	(DE)	0	2	R54	Z-5
5070	RUA	MALTA (DE)	1	3	R45	Z-5
5070	RUA	MALTA (DE)	2	2B	R45	Z-5
5165	RUA	ANTONIO RAMA SEOANE (DE)	1	1	R35	Z-3
5165	RUA	ANTONIO RAMA SEOANE (DE)	2	6	R35	Z-3
5184	RUA	MANUEL BEIRAS (DE)	0	0	R39	Z-4
5184	RUA	MANUEL BEIRAS (DE)	2	20	R35	Z-3
5184	RUA	MANUEL BEIRAS (DE)	1A	13B	R39	Z-4
5209	RUA	AFONSO X O SABIO (DE)	2	12	R54	Z-5
5209	RUA	AFONSO X O SABIO (DE)	1	3	R54	Z-5
5222	RUA	MARIA CASARES (DE)	0	14	R51	Z-5
5222	RUA	MARIA CASARES (DE)	3	7	R51	Z-5
5225	AVDA	LIBERDADE (DA)	1	13	R51	Z-5
5225	AVDA	LIBERDADE (DA)	2	28	R51	Z-5
5226	RUA	JULIA MINGUILLON (DE)	0	4	R51	Z-5
		MANUEL VAZQUEZ CACHARRON				
5234	RUA	(DE)	0	2	R35	Z-3
		MANUEL VAZQUEZ CACHARRON				
5234	RUA	(DE)	6	10	R51	Z-5
		MANUEL VAZQUEZ CACHARRON				
5234	RUA	(DE)	3	25	R51	Z-5
5265	RUA	TUNA COMPOSTELANA	0	0	R51	Z-5
5265	RUA	TUNA COMPOSTELANA	1	15	R51	Z-5
		SAN XOAN BAUTISTA DE LA SALLE				
5276	PRAZA	(DE)	1	1	R35	Z-2
5277	RUA	CLARA CAMPOAMOR (DE)	0	10	R45	Z-4
5281	RUA	ANGEL RODRIGUEZ GONZALEZ (DE)	0	44A	R51	Z-5
5281	RUA	ANGEL RODRIGUEZ GONZALEZ (DE)	7	49	R51	Z-5
		CONSTANTINO LIMIA NOGUEIRA				
5295	RUA	(DE)	1	9	R51	Z-5
		CONSTANTINO LIMIA NOGUEIRA				
5295	RUA	(DE)	6	10C	R54	Z-5
5322	RUA	F SUNP 14/ TRAS PAXONAL	1	3	R51	Z-5

2) ORDENANZA 1.01. IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

- Modifícanse os parágrafos b) e d) do art. 1, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 1º. Tipo impositivo

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

a) O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,51%.

b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,48%.

c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de características especiais fíxase para cada clase en:

c.1.- 1,3% para os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e refino de petróleo, e as centrais nucleares

c.2.- 1,3% para os saltos de auga e encoros, incluídos o leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego

c.3.- 1,3% para as autoestradas, estradas e túneles de peaxe

c.4.- 1 % para os aeroportos

d) Establécense tipos de gravame diferenciados para os inmóbles de natureza urbana, excluídos os de uso residencial, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións, que superen o valor catastral que para cada un dos usos se recolle no seguinte cadro:

Código uso	Valor catastral (euros)	Tipo de gravame
A- Almacén e estacionamento	22.000,00	0,55%
C- Comercial	199.000,00	0,55%
G- Lecer e hostalaría	1.475.000,00	0,55%
I- Industrial	585.000,00	0,55%
M- Obras de urbanización, solares e solos sen edificar	53.000,00	0,55%
O- Oficinas	398.000,00	0,55%
R- Relixioso	1.775.000,00	0,55%
T- Espectáculos	12.080.000,00	0,55%

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos inmóbles do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral.

e) Os bens inmóbles de natureza urbana de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, serán obxecto dun recargo do 50% sobre a cota líquida do imposto. Dito recargo devindicarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente unha vez contrastada a desocupación do inmovible xunto co acto administrativo polo que sexa declarada.

- Suprímese o apdo. 8 bis, modifícase o apdo. 9, engádese un novo apdo. 10 e renumérase como apdo. 11 o actual apdo. 10 do art. 3, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 3º. Bonificacións

1.- Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o día seguinte á notificación do acordo de concesión da licenza, por parte da administración municipal.

Para beneficiárense da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante certificación do Administrador da Sociedade

2.- As vivendas de protección autonómica gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva.

Ao longo dos dez exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 35% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.

Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado durante o prazo de vixencia da mesma e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como Vivenda de protección autonómica do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible.

3.- Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa beneficiaranse dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, sempre co valor catastral do mesmo non supere 190.000,00 euros, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, coas condicións e características seguintes: Ingresos familiares anuais brutos per cápita comprendidos nalgún dos intervalos da táboa seguinte, tomando como valores de referencia 14 pagas mensuais do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiplos

(IPREM) vixente:

Intervalo	Bonificación
$\leq$ IPREM	90 %
$>$ IPREM e $\leq$ 1,25 IPREM	80 %
$>$ 1,25 IPREM e $\leq$ 1,5 IPREM	70 %
$>$ 1,5 IPREM e $\leq$ 1,75 IPREM	50 %
$>$ 1,75 IPREM e $\leq$ 2 IPREM	30 %
$>$ 2 IPREM	10%

O ingreso familiar bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dalgún integrante cun grao de discapacidade superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas e no caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5 persoas.

O termo unidade familiar, tanto a efectos de empadramento como de declaración de ingresos, corresponde co de familia numerosa integrada polos membros da mesma incluídos no título oficial correspondente.

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar a condición de familia numerosa, por medio do título oficial; e o grao de discapacidade dos integrantes, se os houbera, mediante certificado de grao de discapacidade emitido pola Consellería competente.

O concello constatará de oficio o empadramento no inmovible obxecto da solicitude. Igualmente o Concello constatará de oficio os ingresos declarados á administración tributaria por parte dos integrantes da unidade familiar, previa autorización asinada polos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, podendo requirir as informacións e documentos adicionais que estime oportunas.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

Incluiranse, así mesmo, no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu goce. Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular.

4.- Os bens inmobles de natureza urbana localizados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal (auga, saneamento, alumado público) gozarán dunha bonificación nas condicións que a continuación se determinan:

- a) Carencia dos tres servizos básicos, 90%.
- b) Carencia de dous dos tres servizos básicos, 60%.
- c) Carencia de un dos tres servizos básicos, 30%.

As áreas ou zonas indicadas son aquelas incluídas no ámbito do artigo 13 da LOUPMR e nas ordenanzas 13 e 14 do vixente PXOU. A bonificación incluírase de oficio mediante comunicación previa do departamento de Licencias no momento de outorgar a licenza de primeira ocupación nos ámbitos das ordenanzas citadas e unha vez que se comprobe a carencia dos servizos básicos de titularidade municipal polo departamento ou departamentos municipais que xestionen aqueles servizos.

O beneficio permanecerá en tanto non se provea de servizos aos devanditos asentamentos de poboación singularizados.

O departamento ou departamentos municipais que xestionen os devanditos servizos comunicará ao servizo de Xestión, Recadación e Inspección cada actuación que dote de algún dos servizos básicos aos asentamentos singularizados de poboación definidos conforme aos criterios deste artigo.

O servizo de Xestión, Recadación e Inspección comunicará ao suxeito pasivo a perda ou modificación deste beneficio fiscal.

5.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de Cooperativas Agraria ou de Explotación Comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

6.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria sempre que o solicitante acredite que están directamente afectos a esas finalidades.

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

7.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cota os inmobles aos que non se lles aplica a exención do artigo 62.2 b) do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por estar afectos a unha actividade económica.

8.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao de finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

8.1.- Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a.- que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída; e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 kw por cada 100 m² de superficie construída.

b.- que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c.- que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

8.2.- Que o inmovle teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa máis alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

8.3- Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación.

8.3.1.- No suposto da bonificación do artigo 8.1:

- a.- proxecto técnico ou memoria técnica
- b.- certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma
- c.- especificacións técnicas dos sistemas instalados
- d.- acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía
- e.- certificado final de obras, no seu caso
- f.- copia da carta de pago ou o número de liquidación da taxa pola licenza de obras e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras

8.3.2.- No suposto da bonificación regulada no artigo 8.2:

- a.- acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía
- b.- copia da carta de pago ou o número de liquidación da taxa pola licenza de obras e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras
- c.- certificado de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia

8.4.- Para a concesión deste beneficio será necesario o informe do Servizo de Licenzas que acredite o cumprimento dos requisitos para o goce do mesmo. O Servizo de Tesourería constatará de oficio o empadramento do suxeito pasivo no inmovible obxecto da solicitude.

8.5.- Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro. Transcorrido o período de goce sinalado non se poderá conceder de novo o beneficio por este motivo

9.- Establécese unha bonificación na cota íntegra do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal do imposto sobre actividades económicas e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego a xuízo do Pleno da corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado e informe do departamento de Emprego.

9.1.- O solicitante, que en todo caso debe ser o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles e o titular da actividade económica, deberá presentar xunto coa solicitude:

- .- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica de nova creación ou de ampliación das instalacións, na que constará a creación de novos postos de traballo, o número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- .- Certificados de estar ao corrente coa Facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- .- Identificación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da mesma no Concello de Santiago de Compostela.
- .- Informe de vida laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- .- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, nº de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- .- Relacións nominais de traballadores -RNT- e recibos de liquidación das cotizacións -RLC-
- .- Copia dos contratos de traballo dos empregos contratados.
- .- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
- .- Certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita
- .- Informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación.

9.2.- Aos efectos deste beneficio fiscal:

a.- Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego. O inmovible no que se desenvolve a actividade económica ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

b.- Considéranse actividades económicas as gandeiras (cando sexan independentes), mineiras, industriais, comerciais e de servizos, e artísticas [Seccións 1, 2 e 3 do IAE].

c.- Entenderase que se implanta unha nova actividade económica cando se proceda a ordenación por conta propia de medios de produción e/ou recursos humanos, sendo a súa finalidade a de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos. A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade exerceuse anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou

aportación de ramas de actividade, así coma nos casos de constitución de sociedades para o desenvolvemento de actividades exercidas a título individual por un ou varios socios que ostenten o control das mesmas.

Non se considerará nova actividade económica:

c.1 Cando a alta corresponda a unha transformación da forma xurídica da titularidade da actividade.

c.2 Cando a alta responda a un cambio de epígrafe por imperativo legal ou para subsanar unha errónea cualificación anterior.

c.3 Cando a alta se refira a un novo local dunha actividade que previamente se desenvolvía polo mesmo titular.

c.4 Cando a alta estivera precedida dunha baixa de actividade e suxeito pasivo, nun período de 5 anos

d.- Entenderase que hai unha nova construción ou ampliación de instalacións cando conste a autorización municipal que proceda para a súa execución.

e.- Enténdese que existe creación de emprego cando se constate un incremento de persoal como consecuencia do inicio da actividade ou da ampliación das instalacións. En sentido contrario non existe creación de emprego cando non hai incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Santiago de Compostela.

9.3.- Requisitos adicionais de fomento de emprego:

.- As contratacións deberán ser indefinidas e a xornada completa.

.- As persoas contratadas deberán ser persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego nos seis meses anteriores a contratación, xustificándose tal condición mediante a oportuna certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita.

.- Inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación, acreditada mediante informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación.

.- Non se aplicará o beneficio fiscal cando o titular da actividade económica tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores a formalización dos contratos de traballo.

9.4.- Porcentaxes, prazo e mantemento do beneficio

a.- O beneficio fiscal aplicarase durante os tres exercicios seguintes ao inicio de actividade ou ampliación de instalacións, sempre que conte co título habilitante municipal para o exercicio da mesma e se manteñan as condicións que serviron de base para a concesión.

Nos casos de implantación de novas empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira, e dada a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial de Santiago de Compostela, o beneficio aplicarase durante os cinco exercicios nos termos expostos no punto anterior.

As solicitudes presentadas antes do 1 de marzo terán efectos no padrón dese ano. As presentadas con posterioridade terán efectos a partires do ano seguinte

b.- Se distinguen dúas gradacións de porcentaxes de aplicación, unha xeral, e outra para os supostos de construcións, instalacións e obras destinadas aos sectores da biotecnoloxía e da madeira, dada a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial da cidade,

b.1.- Con carácter xeral as porcentaxes de bonificación serán:

- .-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- .-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- .-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

b.2.- Con carácter específico as porcentaxes de bonificación para as empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira serán:

- .- 95 por 100 pola creación de máis de 10 postos de traballo
- .- 65 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

c.- O Concello revisará de oficio o mantemento das condicións de creación de postos de traballo durante o período de goce do beneficio. No suposto de que mude o número de postos creados aplicarase a porcentaxe que corresponda de acordo cos tramos indicados. A perda de emprego e a existencia de débedas do suxeito pasivo no período de goce do beneficio fiscal suporá a perda do beneficio fiscal

10.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto aqueles inmobles de natureza urbana, titularidade de corporacións de dereito público, nos que desenvolvan actividades declaradas de interese público ou utilidade municipal por contribuír á defensa, apoio ou fomento do comercio, da industria, dos servizos e a navegación, ou que sexan de utilidade para o desenvolvemento das indicadas

finalidades, a xuízo do Pleno da corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado e informe do departamento de Promoción Económica.

10.1.- Requisitos para a admisión a trámite da solicitude:

a.- O titular da actividade será o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles.

b.- O suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles, no momento de presentar a solicitude, deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa facenda estatal, autonómica e municipal e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

10.2.- A bonificación terá carácter rogado. Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

10.3.- Documentación

O interesado achegará a seguinte documentación:

.- Memoria xustificativa do interese público ou utilidade municipal da actividade desenvolvida no inmovible

.-Certificados de estar ao corrente coa Facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

11.- As bonificacións reguladas nos apartados 1 e 2 do punto 8 son incompatibles entre sí. As bonificacións contempladas nos puntos 2, 3, 4 serán compatibles entre sí e con calquera das reguladas nos apartados 1 e 2 do punto 8 deste artigo.

- Modifícase o art. 4, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 4º. Normas de xestión

1.- Ao abeiro do artigo 14 b do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o Texto Refundido da Lei do catastro Inmobiliario, o Concello de Santiago de Compostela obrígase a comunicar ao Catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha alta, baixa ou modificación catastral, derivados de actuacións para as que teña outorgado expresamente a correspondente licenza ou autorización municipal, nos termos e condicións que se determinen pola Dirección Xeral do Catastro.

2.- O procedemento de comunicación catastral terá por obxecto os seguintes feitos, actos ou negocios:

- a) a realización de novas construción
- b) a ampliación, modificación, rehabilitación ou reforma das construcións existentes, sexa parcial ou total
- c) a demolición ou derruba das construcións
- d) a modificación do uso ou destino de edificios e instalación
- e) calquera outra licenza ou autorización equivalente as anteriores de acordo coa lexislación aplicable, como as relativas a segregacións, agrupacións ou agregación de inmobles.

3.- O Concello advertirá expresamente e por escrito, no momento de outorgar as licenzas ou autorizacións, da exención da obriga de declarar ante o Catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios que sexan obxecto do procedemento de comunicación. A exención da obriga de declarar producirase cando o solicitante presente a documentación requirida no formato electrónico, segundo as especificacións técnicas que estableza o Concello

- Renómérase como art. 5 o actual art. 4, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 5º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T. Disposición transitoria O Concello rehabilitará de oficio no ano 2016 a bonificación das vivendas de protección autonómica que perderon a súa vixencia en aplicación da anterior normativa no ano 2011. Verificarase o cumprimento da obriga de manter a titularidade do inmovible e que constitúa a residencia habitual do titular.

- Suprímese a Disposición Transitoria.

3) ORDENANZA 1.02. IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

- Modifícanse os apdos. 2 e 3 e suprímese o apdo. 5 do art. 4, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 4º. Exencións

1.- Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do TRLFL.

2.- Para a concesión da exención dos tractores, remolques e semirremolques provistos da Cartilla de Inspección Agrícola, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto coa Cartilla de Inspección Agrícola.

3.- Para a concesión da exención dos vehículos para persoas de mobilidade limitada así como dos vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, os interesados deberán presentar a solicitude de exención xunto co certificado ou tarxeta acreditativos do grao de discapacidade emitido pola Consellería competente. No caso de vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, deberá acreditarse ademais o destino do vehículo mediante declaración xurada do interesado.

4.- Os interesados na concesión das exencións do artigo 93.1 e) e g) do TRLFL deberán presentar solicitude de exención con anterioridade ao un de febreiro ou, nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal. En caso contrario, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

- Suprímese o apdo. 3 do art. 5, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 5º. Bonificacións

1.- Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación será declarada de oficio pola Administración Tributaria municipal de acordo coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto da antigüidade do vehículo.

2.- Gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, tendo en conta a información da base de datos da Dirección Xeral de Tráfico (DXT):

a) 75% de bonificación cunha duración indefinida para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de identificación de vehículos híbridos e eléctricos nas seguintes categorías: eléctricos de batería, eléctricos enchufables ou eléctricos de autonomía estendida.

b) 50% de bonificación cunha duración indefinida para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de combustibles nas seguintes categorías: vehículos de gas licuado de petróleo, gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol ou biodiesel.

c) 75% de bonificación durante 5 anos naturais, contados desde a data de primeira matriculación, para os vehículos que, segundo os datos obrantes na base de datos de vehículos do Rexistro Público da DXT, figuren clasificados na táboa de identificación de vehículos híbridos e eléctricos como vehículos eléctricos híbridos.

Os beneficios dos apartados a), b) e c) anteriores son incompatibles entre si.

Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade ao día un de febreiro ou, nos casos de primeira adquisición do vehículo, no momento da alta no padrón municipal. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Para a concesión da bonificación será requisito imprescindible que o vehículo apareza na base de datos da DXT na categoría indicada.

4) ORDENANZA 1.03. IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

- Modifícase o art. 4, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 4º. Bonificación

Nas transmisións dos terreos e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, por causa de morte, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, ou beneficiario dun pacto sucesorio, a cota íntegra do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes:

a) Bonificación do 95% da cota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional non supera os 75.000 €.

b) Bonificación do 75% da cota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 75.000€ pero non supera os 150.000 €.

c) Bonificación do 50% da cota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 150.000 €.

Para determinar a porcentaxe de bonificación aplicable en función do valor catastral do solo, se terá en conta a porcentaxe de propiedade do causante-transmitente sobre o total do inmovible (ben ganancial, cota indivisa de prazas de garaxes, herdanzas...)

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á notificación a calquera membro da comunidade hereditaria ou beneficiario dun pacto sucesorio do inicio de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ó imposto, e xunto coa solicitude os solicitantes deberán presentar:

- 1) Certificado de defunción.
- 2) Testamento ou declaración de herdeiros.
- 3) Certificado de últimas vontades do causante.
- 4) Libro de familia
- 5) Relación dos inmobles urbanos titularidade do causante no momento do falecemento, con indicación do valor catastral de cada un deles.
- 6) Documentación acreditativa da titularidade dos inmobles de natureza urbana propiedade do causante e da porcentaxe de titularidade dos devanditos bens.

5) ORDENANZA 1.04. IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.

- Modifícanse os apdos. 1 e 2, renuméranse como apdos. 3, 4 os actuais apdos. 2, 3, que tamén se modifican, renumérase como apdo. 5 o actual apdo. 4 e suprímese o actual apdo. 5 do art. 8, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 8º. Bonificacións

1.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado.

O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á memoria presentada polo solicitante e ao informe que elaborará o departamento municipal competente en función da materia -benestar social, dinamización social, urbanismo- e concederá o beneficio fiscal fixando a porcentaxe a aplicar.

O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao de remate das obras e, en todo caso, antes do período de prescrición da débeda, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria. Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello.

2.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado.

Concorren circunstancias de fomento de emprego cando a realización das construcións, instalacións ou obras dan lugar a implantación dunha nova actividade económica ou a ampliación das instalacións e impliquen creación de emprego. O resultado da construción, instalación ou obra constituirá o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á memoria presentada polo solicitante e ao informe de Emprego e concederá o beneficio fiscal, fixando a porcentaxe a aplicar de acordo co apartado 2.4, e condicionado á comprobación posterior do cumprimento dos requisitos esixidos.

2.1.- O solicitante, que en todo caso debe ser o dono da obra e o titular da actividade económica, deberá presentar xunto coa solicitude:

- .- unha memoria xustificativa sobre a actividade económica de nova creación ou de ampliación de instalacións, na que constará o número de novos postos de traballo creados, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- .- os xustificante de estar ao corrente no pago coa facenda estatal, autonómica e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

2.2.- Aos efectos deste beneficio fiscal:

- a.- Considéranse actividades económicas as gandeiras (cando sexan independentes), mineiras, industriais, comerciais e de servizos, e artísticas [Seccións 1, 2 e 3 do IAE].

b.- Enténdese que se implanta unha nova actividade económica cando se procede a ordenación por conta propia de medios de produción e/ou recursos humanos, sendo a súa finalidade a de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

Non se considera nova actividade económica cando se exercera anteriormente baixo outra titularidade. A actividade exerceuse anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade, así coma nos casos de constitución de sociedades para o desenvolvemento de actividades exercidas a título individual por un ou varios socios que ostenten o control das mesmas.

Tampouco se considerarán supostos de nova actividade económica:

- .1 Cando a alta corresponda a unha transformación da forma xurídica da titularidade da actividade.
- .2 Cando a alta responda a un cambio de epígrafe por imperativo legal ou para subsanar unha errónea cualificación anterior.
- .3 Cando a alta se refira a un novo local dunha actividade que previamente se desenvolvía polo mesmo titular.
- .4 Cando a alta estivera precedida dunha baixa de actividade e suxeito pasivo, nun período de 5 anos.

c.- Enténdese que hai unha nova construción ou ampliación de instalacións cando conste a autorización municipal que proceda para a súa realización.

d.-Enténdese que existe creación de emprego cando se constate un incremento de persoal como consecuencia do inicio da actividade ou da ampliación das instalacións. En sentido contrario non existe creación de emprego cando non hai incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Santiago de Compostela.

2.3.- Requisitos adicionais de fomento de emprego:

- .- As contratacións deberán ser indefinidas e a xornada completa.
- .- As persoas contratadas deberán ser persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego nos seis meses anteriores a contratación, xustificándose tal condición mediante a oportuna certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita.
- .- Inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación, acreditada mediante informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación.

.- Non se aplicará o beneficio fiscal cando o titular da actividade económica tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores a formalización dos contratos de traballo.

2.4.- Porcentaxes

Se distinguen dúas gradacións de porcentaxes de aplicación, unha xeral, e outra para os supostos de construcións, instalacións e obras destinadas aos sectores da biotecnoloxía e da madeira, dada a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial da cidade,

a) Con carácter xeral as porcentaxes de bonificación serán:

- .-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- .-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- .-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

b) Con carácter específico as porcentaxes de bonificación para as empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira serán:

- .- 95 por 100 pola creación de máis de 10 postos de traballo
- .- 65 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

2.5.- Comprobación posterior do cumprimento dos requisitos:

O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao inicio da actividade e, en todo caso, antes do período de prescrición do dereito a liquidar, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria.

Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a documentación solicitada polo Concello e, en todo caso, a seguinte:

- .- Certificados de estar ao corrente coa Facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- .- Identificación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da mesma no Concello de Santiago de Compostela.
- .- Informe de vida laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- .- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, nº de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- .- Relacións nominais de traballadores –RNT- e recibos de liquidación das cotizacións –RLC-

- .- Copia dos contratos de traballo dos empregos contratados.
- .- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
- .- Certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita
- .- Informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación

3.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras declaradas como Vivendas de Protección Autonómica polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar a cédula de cualificación provisional como Vivenda de Protección Autonómica emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, no prazo de seis meses desde a concesión da licenza.

4.- Establécese unha bonificación do 75% a favor das construcións, instalacións e obras de acondicionamento e adaptación necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade.

1.- Requisitos para as obras:

a.- Entenderanse como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:

1) reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida ou vaia residir habitualmente na mesma;

2) modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico;

3) a aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida habitualmente nunha vivenda do edificio.

b. Non se entenderan como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as que, calquera que sexa o seu destino, se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.

2.- Requisitos para as persoas

a.- No inmovible no que se van a realizar as obras bonificadas deberá estar empadroadá, e formando parte da unidade de convivencia, a persoa con discapacidade física ou sensorial a longo prazo. A estes efectos o empadramento no inmovible deberá manterse, polo menos, desde a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.

b.- Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grao de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado do órgano competente da Xunta de Galicia.

3.- Requisitos mixtos:

A valoración da adecuación das obras de mellora do acceso e habitabilidade da persoa con discapacidade será realizada polo servizo municipal de benestar social.

A valoración de que as obras teñen como destino ou finalidade favorecer as condicións de acceso e habitabilidade da persoa con discapacidade, e que as construcións, instalacións e obras necesarias non afectan a inmovibles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente, será realizada polo servizo de licenzas e disciplina urbanística.

4.- Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude de bonificación o certificado acreditativo da discapacidade que xustifica a realización das obras de acceso e habitabilidade.

5.- A bonificación prevista neste apartado esixirá, con carácter específico, os informes do Servizo de Benestar Social e do Servizo de licenzas e disciplina.

5.- Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

A base imponible que gozará do beneficio é o importe de execución material das partidas correspondentes á instalación dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, deducido o importe das que son preceptivas de acordo coa normativa vixente

5.1.- Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar:

a.- proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para gozar do beneficio, e que incluíra o orzamento de execución material no que se especificarán os

custes detallados dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo

b.- no suposto de que a construción, instalación ou obra non estea destinada exclusivamente á instalación dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, deberá achegarse un estudo comparativo entre o orzamento de execución material da construción, instalación ou obra dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo que é preceptivo de acordo coa normativa vixente e o orzamento de execución material total da construción, instalación ou obra dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo

c.- acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía

d.- acreditación de que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente

5.2.- para a concesión deste beneficio será necesario o informe do Servizo de Licenzas que acredite o cumprimento dos requisitos para o goce do mesmo, e o importe do orzamento de execución material das partidas correspondentes á instalación dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, deducido o importe das que son preceptivas de acordo coa normativa vixente.

6.- As solicitudes de bonificacións deste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licenza ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable

7.- As bonificacións deste artigo son incompatibles

6) ORDENANZA 1.05. IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

- Modifícase o apdo. 2 e nova redacción dos apartados 3, 4 e 5, do art. 3, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 3. Bonificacións

1.- Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no art. 88.1 do TRLFL.

2.- Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período

impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, disfrutarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

Incremento no nº empregados con contrato indefinido	Bonificación
Entre o 5 e 10%	20%
Máis de 10% e ata o 20 %	35 %
Máis de 20 %	50 %

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados no punto dous deste artigo.
- Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ao de aplicación da bonificación.

3.- Establécese unha bonificación na cota do imposto de actividades económicas para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego a xuízo do Pleno da corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado e informe do departamento de Emprego.

3.1.- O solicitante, que en todo caso debe ser o titular da actividade económica, deberá presentar xunto coa solicitude:

- .- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica de nova creación ou de ampliación das instalacións, na que constará a creación de novos postos de traballo, o número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- .- Certificados de estar ao corrente coa Facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- .- Identificación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da mesma no Concello de Santiago de Compostela.
- .- Informe de vida laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- .- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, nº de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- .- Relacións nominais de traballadores –RNT- e recibos de liquidación das cotizacións –RLC-
- .- Copia dos contratos de traballo dos empregos contratados.

- .- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
- .- Certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita.
- .- Informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación.

3.2.- Aos efectos deste beneficio fiscal:

a.- Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego. O inmovible no que se desenvolve a actividade económica ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

b.- Considéranse actividades económicas as gandeiras (cando sexan independentes), mineiras, industriais, comerciais e de servizos, e artísticas [Seccións 1, 2 e 3 do IAE].

c.- Entenderase que se implanta unha nova actividade económica cando se proceda a ordenación por conta propia de medios de produción e/ou recursos humanos, sendo a súa finalidade a de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos. A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade exerceuse anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade, así coma nos casos de constitución de sociedades para o desenvolvemento de actividades exercidas a título individual por un ou varios socios que ostenten o control das mesmas.

Non se considerará nova actividade económica:

c.1 Cando a alta corresponda a unha transformación da forma xurídica da titularidade da actividade.

c.2 Cando a alta responda a un cambio de epígrafe por imperativo legal ou para subsanar unha errónea cualificación anterior.

c.3 Cando a alta se refira a un novo local dunha actividade que previamente se desenvolvía polo mesmo titular.

c.4 Cando a alta estivera precedida dunha baixa de actividade e suxeito pasivo, nun período de 5 anos.

d.- Entenderase que hai unha nova construción ou ampliación de instalacións cando conste a autorización municipal que proceda para a súa execución.

e.- Enténdese que existe creación de emprego cando se constate un incremento de persoal como consecuencia do inicio da actividade ou da ampliación das instalacións. En sentido contrario non existe creación de emprego cando non hai incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Santiago de Compostela.

3.3.- Requisitos adicionais de fomento de emprego:

.- As contratacións deberán ser indefinidas e a xornada completa.

.- As persoas contratadas deberán ser persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego nos seis meses anteriores a contratación, xustificándose tal condición mediante a oportuna certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita.

.- Inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación, acreditada mediante informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación.

.- Non se aplicará o beneficio fiscal cando o titular da actividade económica tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores a formalización dos contratos de traballo.

3.4.- Porcentaxes, prazo e mantemento do beneficio

a.- O beneficio fiscal aplicarase durante os tres exercicios seguintes ao inicio de actividade ou ampliación de instalacións, sempre que conte co título habilitante municipal para o exercicio da mesma e se manteñan as condicións que serviron de base para a concesión.

Nos casos de implantación de novas empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira, e dada a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial de Santiago de Compostela, o beneficio aplicarase durante os cinco exercicios nos termos expostos no punto anterior.

As solicitudes presentadas antes do 1 de marzo terán efectos no padrón dese ano. As presentadas con posterioridade terán efectos a partires do ano seguinte

b.- Se distinguen dúas gradacións de porcentaxes de aplicación, unha xeral, e outra para os supostos de construcións, instalacións e obras destinadas aos sectores da biotecnoloxía e da madeira, dada a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento industrial da cidade,

b.1.- Con carácter xeral as porcentaxes de bonificación serán:

- .-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- .-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- .-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

b.2.- Con carácter específico as porcentaxes de bonificación para as empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira serán:

- .- 95 por 100 pola creación de máis de 10 postos de traballo
- .- 65 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

c.- O Concello revisará de oficio o mantemento das condicións de creación de postos de traballo durante o período de goce do beneficio. No suposto de que mude o número de postos creados aplicarase a porcentaxe que corresponda de acordo cos tramos indicados. A perda de emprego e a existencia de débedas do suxeito pasivo no período de goce do beneficio fiscal suporá a perda do beneficio fiscal

4.- Os suxeitos pasivos que desenvolvan unha actividade industrial e tributen por cota municipal, gozarán dunha bonificación sobre a cota tributaria do 50% , cun tope de 500 euros anual, sempre que cumbran coas seguintes condicións:

a.- que empreguen e produzan enerxías a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeración, nas súas actividades económicas, sempre e cando a potencia instalada en coxeración ou renovables supere os sesenta e cinco quilovatios.

A estes efectos consideraranse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento de Enerxías Renovables. Consideraranse sistemas de coxeración os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

Non procederá a aplicación da bonificación cando a instalación para o aproveitamento das enerxías renovables ou coxeración sexa obrigatoria segundo a normativa de aplicación ou cando a súa entrada en funcionamento fora anterior ao ano 2012.

A enerxía consumida e producida entenderanse referidas a un mesmo local, non computándose a estes efectos a producida noutras instalacións diferentes sobre as que se calcula o consumo de enerxía.

Cando o suxeito pasivo titular dunha instalación realice máis dunha actividade económica nun local onde se instalara o sistema para o aproveitamento de enerxías renovables a bonificación aplicarase á cota tributaria de maior contía.

b.- que a actividade industrial se desenvolva en inmobles situados en solo de polígonos industriais.

c.- que establezan un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao seu posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte público ou compartido. O plan de transporte debe ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, previos os informes técnicos correspondentes. Deberá acreditarse mediante certificado do grao do desenvolvemento do plan de transporte que a porcentaxe de persoal que utiliza o devandito plan en relación co total do persoal é alomenos un 50%.

A documentación acreditativa que debe presentar o interesado será a seguinte:

.- Certificado do grao de desenvolvemento do plan de transporte, que deberá incluír a referencia ao plan de transporte aprobado pola Xunta de Goberno Local.

.- Documentación acreditativa do uso de enerxías renovables e porcentaxe sobre a enerxía consumida

As solicitudes deste beneficio presentadas durante o primeiro trimestre do exercicio terán efectos nese exercicio. As presentadas fora dese prazo terán efectos para o exercicio seguinte. Para a resolución do expediente de beneficio fiscal deberá emitirse informe do departamento municipal de Emprego que acredite o cumprimento das condicións esixidas para o seu goce.

5.- Os beneficios fiscais regulados neste artigo son incompatibles entre eles.

- Suprímese o apdo. 2 do art. 4, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 4. Procedemento de concesión dos beneficios fiscais

Para o recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado, os interesados deberán presentar solicitude acompañando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos.

7) ORDENANZA 3.14. TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

- Modifícase o apdo. 3 do art. 7, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

1. Estarán exentos do pago da cota mínima polo mantemento do servizo de saneamento e depuración (artigo 6.1 apartados A.1.1.1 e B.1.1.1) os seguintes contribuíntes:

- a.- cando os ingresos anuais da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñan, non superen o indicador de rendas de efectos múltiples vixente (IPREM) ou índice que o substitúa, por un período de 6 meses dentro do ano natural
- b.- as mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

2.- Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo.

3.- As solicitudes de beneficio fiscal resolveranse previo informe do Departamento de Servicios Sociais.

8) ORDENANZA 3.15. ORDENANZA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

- Modifícase o apdo. 3 do art. 7, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

1. Estarán exentos do pago da cota mínima polo mantemento do servizo (artigo 6.1 apartados A.1.1.1) os seguintes contribuíntes:

- a.- cando os ingresos anuais da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñan, non superen o indicador de rendas de efectos múltiples vixente (IPREM) ou índice que o substitúa, por un período de 6 meses dentro do ano natural.
- b.- as mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

2.- Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo.

3.- As solicitudes de beneficio fiscal resolveranse previo informe do Departamento de Servicios Sociais.

9) ORDENANZA 3.16. TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

- Suprímese o apdo. 4 e renumérase como apdo. 4 o actual apdo. 5 do art. 6, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 6. Beneficios fiscais

1.- Estarán exentos do pago da cota fixa da tarifa doméstica (artigo 5.1.1. A.a) os seguintes contribuíntes:

a.- os beneficiarios dunha Renda de Inserción Social de Galiza durante o primeiro ano de vixencia da devandita prestación.

b.- cando os ingresos anuais da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñan, non superen o indicador de rendas de efectos múltiples vixente (IPREM) ou índice que o substitúa, por un período de 6 meses dentro do ano natural.

c.- as mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo

A solicitude de beneficio fiscal prevista neste parágrafo será informada polo Departamento de Servicios Sociais.

2.- Poderán solicitar unha bonificación da tarifa de ate un 75% aqueles produtores de lixo que fagan unha contribución destacada e efectiva aos programas de recollida

selectiva establecidos polo Concello. A solicitude de bonificación terá unha vixencia máxima dun ano natural e será informada polo Departamento de Medio Ambiente.

Os criterios para a aplicación da bonificación son os que se sinalan de seguido:

1. As vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Santiago, obterán unha bonificación dun 50% sobre o importe da taxa que lle corresponda.
2. As empresas ou establecementos comerciais que teñan implantado un sistema de xestión medioambiental, ben a través dunha ISO 14.000 ou do Regulamento 1221/2009, de 25 de novembro, de participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), obterán unha bonificación dun 30% do importe da taxa que lles corresponda.
3. As empresas que fagan unha contribución destacada ás políticas ambientais en materia de residuos, poderán obter unha bonificación de ate un 45% na taxa que lles corresponda, sendo acumulable este suposto ao regulado no apartado anterior.

A bonificación por autocompostaxe deberá validarse por comprobación dos técnicos municipais da existencia do composteiro ou similar así como da súa utilización.

A bonificación por implantación dun sistema de xestión medioambiental, deberá acreditarse coa presentación ante o Concello de Santiago do certificado de auditor autorizado.

A bonificación por contribución destacada ás políticas ambientais en materia de residuos, deberá acreditarse coa presentación ante o Concello de documentos fidedignos.

A vixencia da bonificación terá efecto dende o 1 de xaneiro até o 31 de decembro, sempre que se demostre o cumprimento dos requisitos esixidos. Solicitudes posteriores serán efectivas a partires da data en que se presenten até o 31 de decembro. En émbolos dous casos, a concesión das bonificacións, será sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte sobre a revogación da bonificación.

Os produtores que teñan concedida a bonificación en base a unha xestión determinada dos residuos están na obriga de comunicarlle ao Concello calquera cambio que se produza nela, valorándose a conveniencia de manter ou non a bonificación concedida, podendo retirala a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e do concelleiro delegado de facenda, á vista dos informes técnicos existentes.

3.- Terán unha bonificación do 40% aqueles contribuíntes que habiten en zonas nos que a recollida teña lugar en días laborables alternos.

4.- Con independencia do establecido nos parágrafos anteriores, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

10) ORDENANZA 3.24. TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

- Modifícase o apdo. 3 do art. 8, que queda redactado do seguinte teor:

Artigo 8. Beneficios fiscais

1.- Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria as rodaxes cinematográficas e similares, sempre que se acredite documentalmente que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e se faga constar a colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos filmes.

2.- Os interesados deberán solicitar o beneficio fiscal no momento de presentar as solicitudes de autorización para ocupación da vía pública no Concello.

3.- O beneficio fiscal resolverase previo informe da Concellaría competente respecto da acreditación documental de que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e da constancia da colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos Filmes.”

b) Someter o acordo de aprobación inicial a información pública e audiencia aos interesados, polo prazo mínimo de 30 días hábiles, mediante anuncio publicado no BOP, taboleiro de edictos e nun diario dos de maior difusión da provincia.

c) Concluído o período de información pública, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En caso contrario, resolveranse estas e procedérase á aprobación definitiva polo Pleno.

d) Publicación íntegra do texto aprobado definitivamente no BOP, entrando en vigor as devanditas modificacións o 1 de xaneiro de 2020 e, en todo caso, despois desa publicación.

2. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASESORÍA XURÍDICA.

A proposta da alcaldía de data 15 de outubro do corrente ano, en relación á aprobación do regulamento de organización e funcionamento da asesoría xurídica municipal, ten o seguinte contido:

“É ben sabido que dentro da estrutura administrativa, os departamentos de asesoría xurídica xogan un papel esencial, no só polo volume de traballo dos mesmo senón, e sobre todo, polo seu marcado carácter transversal na organización administrativa.

Se o principio de legalidade sempre foi unha exigencia no actuar das administracións públicas, o devir dos acontecementos, o aumento da carga de traballo e a redución de recursos humanos e materiais dispoñible, fan que este departamento deba de garantir, na medida do posible a seguridade xurídica no proceder da administración.

Para alcanzar tal fin é preciso conformar un departamento xurídico dimensionado e con competencias e procedementos claro. Obviamente tal obxectivo non será alcanzable ata a existencia dunha nova Relación de Postos de Traballo e unha asignación de persoas a este departamento.

Con todo, a definición da estrutura, funcionamento, relacións e competencias, así como a determinación de futuras concrecións por Instrucións e circulares son tan urxentes como necesarias neste momento.

Sobre a función interna de asesoramento en dereito -facultativo e preceptivo nos caso legalmente determinado- a actuación de representación e defensa procesual en todas as ordes xurisdiccionais é o segundo gran bloque de traballo do departamento xurídico. Así de desenvolve neste proxecto normativo, con, en principio toda a casuística que abrangue a súa labor.

O texto proposto non ten afectación á economía municipal xa que no regula *ex novo* nada que afecte a ingresos ou gastos, polo que se entende que o procedemento deben constar co informe xurídico.

En virtude destas consideración é polo que se propón á Xunta de Goberno a aprobación do presente texto para o seu envío ao Pleno da Corporación como Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da asesoría xurídica municipal.”

Con respecto a este expediente emitiu informe o director da asesoría xurídica con data 15 de outubro do corrente ano, que ten o seguinte contido:

“1. Antecedentes.-

O presente informe emítese á vista da seguinte documentación:

Proposta de Alcaldía para o impulso e tramitación do Proxecto de Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela.

Texto Proposto de regulamento.

2. Normativa de aplicación.-

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)

Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; (TRRL)

Orgánico de Goberno e Administración municipal do Concello de Santiago de Compostela.

Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

3. Consideracións xurídicas.-

Primeira.- Limiar.-

A presente informe ten a consideración de facultativo, non vinculante nin determinante, á vista da normativa legal, e emítese ao amparo do previsto no do artigo 89 do Regulamento Orgánico municipal.

Segunda.- Natureza da norma proposta.-

O texto proposto ten carácter de norma claramente organizativa, non orgánica nos termos expostos no artigo 123.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local.

Neste senso, a potestade de autoorganización das entidades locais regulada no artigo 4.1.a) do mesmo texto legal, precisamente ao tempo que a potestade regulamentaria, é o instrumento e deber fundamental de ordenación da propia administración pública de cara á consecución do seu único fin: a consecución do interese xeral e público.

É lóxico, por tanto, que un departamento transversal e de tanta relevancia no funcionamento diario da administración, conte cunha norma xurídica que regule tanto as súas competencias como, sobre todo, a súa organización e funcionamento interno e relacións co resto de órganos e departamentos.

En consecuencia, enténdese que, á vista do parágrafo segundo do citado artigo, a maioría necesarias para a súa aprobación é a simple. Opinión sempre sometida, como non pode ser doutra forma á sostida pola Secretaría Xeral do Pleno.

A aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación fundaméntase no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización das entidades locais, recoñecida polos artigos 4.1 a) da LRBRL e 6.1.a) da LALGA nas materias da súa competencia. A súa condición de disposición administrativa de carácter xeral conleva que se sigan á mesma os efectos propios destas disposicións: irretroactividade, deber xeral de obediencia, inderogabilidade singular, imposibilidade de recurso en vía administrativa, atribución do seu coñecemento en vía contenciosa ao Tribunal Superior de Xustiza, etcétera.

O Regulamento obxecto do presente informe ten por finalidade ordenar e regular a Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela, polo que a súa denominación como “Regulamento” considerase axeitada.

Certamente as diferenzas entre Ordenanzas e Regulamentos céntranse basicamente en que estes últimos, normalmente teñen por obxecto actividades internas ou domésticas da Administración, xeralmente aspectos organizativos, mentres que as Ordenanzas circunscribíense a materias que inciden no conxunto de dereitos e deberes da cidadanía. O certo é que o procedemento de aprobación é o mesmo e a súa forza de obrigar e vixencia idénticas.

Como xa expuxemos, a denominación deste como “Regulamento” e consecuencia de que o seu contido incumbe máis ao aspecto organizativo da administración local, á súa forma interna de dar resposta ao exercicio do dereito, que á propia forma de exercitalo polo cidadán.

Terceira.- Do procedemento de aprobación.-

O procedemento de aprobación do regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica esixe, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da LRBRL, a aprobación inicial polo Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa e da correspondente aprobación do Proxecto pola Xunta de Goberno municipal, sen necesidade de quórum especial tal e como vai exposto con anterioridade, bastando por conseguinte para a súa válida adopción o voto favorable da maioría simple dos membros asistentes, e a apertura de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días. Dito Acordo de aprobación inicial publicarase no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional. En caso contrario, resolveranse estas, incorporándose ao texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

O Acordo de aprobación definitiva -expresa ou tácita- do Regulamento debe publicarse para xeral coñecemento no BOP e no taboleiro de edictos, para o seu xeral coñecemento.

Con todo, debe terse en conta as previsión recollidas no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, debendo publicarse os acordos de aprobación inicial e definitiva no Portal de Transparencia, ao marxe do texto, informes e antecedentes para posibilitar o coñecemento da cidadanía e a súa participación activa.

Non se producirán efectos xurídicos en tanto non transcorresen quince días contados desde o seguinte ao da recepción do acordo ou a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada do mesmo pola Administración do Estado e a Xunta de Galicia, e se publique integramente o Regulamento, conforme preceptúa o art. 70.2 da LRBRL, en relación co artigo 65.2 da citada norma.

Con carácter previo a estes trámites habituais, hai que ter en conta que o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, establece dous trámites previos: a consulta e a publicación do proxecto de regulamento. Non obstante o apartado 4 do mesmo artigo permite prescindir dos trámites de consulta, audiencia e información públicas no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen. No presente suposto, claramente procede aplicar a excepción de excepcionalidade prevista no citado artigo 133.4.

Cuarta.- Sobre o seu contido.-

De conformidade coa Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e cos artigos 54.4 do TRRL e do 221.2 do ROF, e correlativo do Regulamento Orgánico municipal, a Asesoría Xurídica é o servizo encargado da representación e defensa en xuízo do Concello e demais entres instrumentais do mesmo, o que indica por si mesmo a necesidade de regular esta prestación interna do servizo así como o proceder entre servizos, tanto de cara a remisión dos antecedentes necesarios coma de cara a unha correcta execución material das resolucións xudiciais.

Con todo, e ante a situación actual do departamento, claramente superado polo volume e situación das cuestións, semella tamén acaído prever, na súa norma de cabeceira, de forma similar a como se atopa regulado en outras administracións, a posibilidade e forma de externalizar parte de tales prestacións, no só para determinar a súa excepcionalidade senón, e sobre todo, de cara a remarcar unha permanente tutela por parte dos funcionarios públicos da dirección letrada dos asuntos.

A parte da actuación da asesoría de índole interna, función consultiva, deberá de ter un maior protagonismo e dinamismo de cara a unha modernización e actuación baixo o prisma da seguridade xurídica da administración municipal de cara a afrontar os retos inminentes.

Pola súa banda, e aos efectos de dar cumprimento coa erradicación do uso sexista da linguaxe procédese a súa adaptación ao Capítulo IV do Decreto Lexislativo 2/2015, do 2 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CCAA de Galicia en materia de igualdade.

Así mesmo, incorpórase ao Regulamento no seu Título IV, xa avanzado no limiar do mesmo, os mecanismos orientados á prevención da corrupción aos efectos de dotar de virtualidade práctica as novas formas de gobernanza no eido municipal, tralo decidido impulso do Parlamento de Galicia e do Consello de Contas, sobre todo de cara a establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público local de Galicia.

Obsérvase, do contido do seu articulado, o pleno respecto as funcións que en aplicación da normativa reguladora da materia correspóndenlle á Secretaría Xeral.

Así mesmo, ten en consideración as previsións do Título VI da LPAC, concretamente as recollidas nos artigos 128 e 129 da mesma, tal e como se deduce tanto do limiar como do seu articulado.

CONCLUSIÓN,

Examinado o expediente a que se contrae o presente informe e a proposta obrante no mesmo, e, en particular, o texto do borrador do Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela, cabe concluír do seu exame e sobre a base dos razoamentos precedentes, que se axusta á legalidade vixente.

Este é o meu criterio, que someto, coma sempre, a calquera outro mellor fundado en Dereito.

O que se informa aos efectos procedentes.”

Consta, así mesmo no expediente, acordo da Xunta de Goberno de aprobación do proxecto de Regulamento, de data 18 de outubro do corrente ano.

Á vista da proposta da Alcaldía e demais documentación que obra no expediente, máis do ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 28 de outubro pasado, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais Socialista e CA (10 PSdeG-PSOE e 4 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), acorda:

a) A aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento da asesoría xurídica, que ten o seguinte contido:

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASESORÍA XURÍDICA

PARTE EXPOSITIVA

Toda administración pública está sometida á lei e ao resto do ordenamento xurídico, e este sometemento é un dos alicerces do Estado como social e democrático de dereito, tal como establece a Constitución Española nos artigos 1 e 103.

Esta premisa, capital na estrutura administrativa para que redunde en beneficio certo á cidadanía, debe traducirse en cada procedemento administrativo que se xere, para o cal a presenza do asesoramento e do control xurídico por parte de persoal especializado é esencial.

Desde esta óptica, a Asesoría Xurídica municipal, e dentro dela o seu persoal letrado, ten atribuídas as funcións de asesoramento e defensa en xuízo da Administración, así como do sector público municipal que acceda a ela.

A magnitude e a importancia da función, así como os requirimentos organizativos propios de toda entidade local, esixen que se elabore un Regulamento que estableza a estrutura da asesoría e a súa incardinación na organización administrativa do Concello, as súas competencias e os procedementos de solicitude de informes.

A organización que se establece, en virtude da potestade de autoorganización, neste Regulamento pretende dar resposta ás necesidades actuais do Concello, mediante o reflexo na súa estrutura interna das dúas vertentes que a asistencia xurídica ten neste tipo de administración, que son, por unha banda, o asesoramento e a representación procesual municipal, e por outra, o asesoramento xurídico na función consultiva.

Nesta liña racionalizadora debe entenderse o establecemento da nova organización da Asesoría Xurídica e a súa inserción na estrutura administrativa existente, para que se incorpore de pleno dereito á estrutura e dependencia funcional da dirección da Asesoría Xurídica, nos termos deste regulamento.

É igualmente importante destacar que neste regulamento se pretenden establecer, de forma clara, as competencias da Asesoría Xurídica.

Incluír nesta norma o procedemento para emitir informes, que abarca dende a petición ata a propia emisión e establece os prazos máximos desta, resulta, certamente, un aspecto organizativo importante de cara a ordenar material e temporalmente o traballo da Asesoría, que debe traducirse nun máis eficaz asesoramento no eido xurídico e, por tanto, tamén nun incremento da calidade dos actos administrativos correspondentes, en garantía do seu sometemento á lei e ao resto do ordenamento xurídico tal e como establece o artigo 103 da Constitución española.

Finalmente, engádese un título IV, tendo en conta que o Concello de Santiago de Compostela non é alleo á necesidade de dar unha resposta institucional á crecente preocupación social motivada pola corrupción, baseado no convencemento de que a transparencia na xestión é unha necesidade para reforzar a eficiencia das administracións públicas, facilitar a comunicación coa cidadanía e loitar contra a corrupción.

Este compromiso debe enmarcarse nunha colaboración leal e dinámica co Consello de Contas, pretendendo establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público local de Galicia, e leva o Concello a impulsalo de forma decidida e permanente e a incorporalo como elemento estratéxico neste regulamento.

O regulamento componse de trinta e dous artigos, catro disposicións adicionais, unha derogatoria e unha derradeira, coa seguinte estrutura:

- Título I. Disposicións xerais
- Título II. Da Asesoría Xurídica
- Título III. Defensa do persoal ao servizo do Concello.
- Título IV. Prevención da corrupción

De cara a alcanzar estes esenciais fins, en virtude da potestade regulamentaria que o Concello, como entidade local, posúe consonte as previsións da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e con base na potestade de autoorganización recoñecida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, propónse ao Pleno da Corporación a aprobación do Regulamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. A asistencia xurídica

1. Sen prexuízo da función de asesoramento preceptivo, reservada á Secretaría Xeral, corresponden, nos termos deste regulamento, á Asesoría Xurídica do Concello as seguintes funcións:

- A asistencia xurídica da Administración Municipal.
- A asistencia xurídica aos entes integrantes do sector público municipal ou entes consorciais.

2. A función de asistencia xurídica consiste no asesoramento preceptivo, nos casos sinalados por unha norma legal, e non preceptivo en dereito, así como a representación e defensa en xuízo en todo tipo de procesos xudiciais, ante órganos administrativos e en procedementos arbitrais.

Inclúe asemade as funcións que segundo o ordenamento xurídico corresponden á Asesoría Xurídica municipal, sinaladamente en materia de contratación pública.

3. Mediante a formalización do oportuno convenio poderase prestar asistencia xurídica aos entes, sociedades e fundacións públicas, así como aos consorcios ou a calquera outra entidade con participación significativa do Concello de Santiago de Compostela, consonte o que dispoñan os anteditos convenios e este regulamento.

Os convenios que se establezan poderán determinar a compensación económica que deban aboar como contraprestación e que poderá xerar crédito nos servizos correspondentes da Asesoría Xurídica ao abeiro do que dispoña a na normativa orzamentaria.

4. Así mesmo, poderase asistir e defender funcionarios, autoridades e persoal ao servizo do Concello e dos entes dependentes ou vinculados que o soliciten nos termos previstos no título III deste regulamento.

5. Este artigo poderá desenvolverse mediante circulares ou instrucións, respectando sempre as competencias que por lei correspondan á Asesoría Xurídica.

Artigo 2. Organización

1. A Asesoría xurídica está constituída pola súa dirección, as unidades administrativas, o persoal de apoio, os letrados e demais funcionarios licenciados en Dereito, do grupo A que, consonte a Relación de postos de traballo, este regulamento, ou resolución administrativa desenvolvan as funcións propias e específicas da Asesoría Xurídica.

Artigo 3. O persoal letrado da Asesoría Xurídica

1. Correspóndenlles aos letrados as funcións de asesoramento en dereito e de representación e defensa en xuízo, nos termos e coa extensión previstas nas leis e neste regulamento.

2. Teñen a consideración de persoal letrado, para os efectos deste regulamento, os funcionarios pertencentes a subescala técnica superior de letrados e os funcionarios licenciados en dereito do grupo A-1 adscritos á Asesoría Xurídica que, de acordo coa Relación de postos de traballo, desenvolvan funcións letrada.

3. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, esta función poderá ser desempeñada provisionalmente, consonte os sistemas de provisión temporal regulados na normativa vixente que sexa aplicable, por persoal do Concello encadrado nos grupos A1 ou A2, con título de licenciatura en dereito, que cesará nesta habilitación cando desaparezan as circunstancias que determinaron o nomeamento ou cando se provexa a praza de forma regulamentaria.

Estes postos tamén poderán cubrirse mediante o nomeamento de funcionarios interinos, ao abeiro do establecido na normativa xeral da función pública.

4. Corresponde ao persoal letrado os dereitos, deberes e prerrogativas establecidos pola lexislación vixente para o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo da Administración local.

5. As persoas que desempeñen o posto de letradas, na súa condición de funcionarias, sométese ás pautas deontolóxicas que rexen o exercicio da avogacía, en especial as contidas no Estatuto xeral da avogacía e no Código deontolóxico dos colexios de avogados da Comunidade Europea. No exercicio das súas funcións gozarán de absoluta independencia intelectual, o que incluírá a liberdade doutrinal e de expresión.

6. O persoal letrado, no exercicio da representación e defensa do Concello e das entidades sinaladas no artigo 1, deberá aplicar, en defensa dos intereses da entidade

representada, todos os coñecementos e técnicas xurídicas ao seu alcance e procurará ter a máxima eficacia na defensa procesual.

7. O persoal letrado está obrigado a gardar segredo profesional dos feitos e noticias que coñeza por razón da súa actuación profesional na función de asistencia xurídica, así como a reservar a estratexia procesual que siga.

Artigo 4. Dirección da Asesoría Xurídica

1. Baixo a dependencia directa da Alcaldía, correspóndelle á dirección da Asesoría Xurídica, coordinar e dirixir os servizos xurídicos do Concello e organismos dependentes. Así mesmo realizará, directamente ou a través do persoal adscrito a ese servizo, tanto as funcións de representación e defensa en xuízo da Administración municipal e dos seus organismos dependentes, como de asesoramento xurídico así como as demais funcións que lle veñan atribuídas por unha norma legal ou por este regulamento.

2. Dependendo da dirección da Asesoría Xurídica existirán letrados/as que, ademais das súas funcións propias, colaborarán como adxuntos á dirección na organización e bo funcionamento desta.

3. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da dirección, esta será substituída pola subdirección, de existir, ou pola persoa letrada que, para este efecto, se indique na Relación de postos de traballo.

Artigo 5. Persoal de apoio

O persoal de apoio aos letrados/as do Concello ten como misión asegurar o correcto funcionamento da Asesoría Xurídica en relación con aqueles cometidos que non estean atribuídos aos letrados/as.

O persoal de apoio dos distintos servizos e unidades da Asesoría será o determinado na Relación de postos de traballo do Concello ou o asignados por calquera das vías válidas en dereito.

Artigo 6. Unidade de criterio

1. Corresponde á dirección da Asesoría Xurídica garantir o principio de unidade de criterio no exercicio das funcións de asistencia xurídica.

2. Para estes efectos, correspóndelle a esta dirección:

a) Fixar os criterios xerais de interpretación xurídica do ordenamento, co fin de homoxeneizar a actuación dos órganos da Administración municipal.

b) Impartir aos letrados/as as ordes e instrucións convenientes ao servizo e ao exercicio das súas funcións.

3. Sen prexuízo das funcións letradas que poida desempeñar, corresponden á dirección da Asesoría Xurídica as seguintes:

a) O asesoramento facultativo verbal ou por escrito á Alcaldía, á Xunta de Goberno e aos órganos superiores ou directivos do Concello.

b) A organización e responsabilidade última sobre o bo funcionamento da Asesoría e o establecemento en cada momento dos criterios necesarios para tal fin.

c) A distribución dos asuntos entre o persoal letrado da Asesoría Xurídica, consonte ao seu mellor criterio, procurando un reparto equilibrado en canto ao número daqueles e reservándose a posibilidade de efectuar cantas modificacións esixan as circunstancias e os asuntos en tramitación.

d) Informar e propor a conveniencia de promover, se é o caso, cantos recursos tendan a manter a autonomía e as competencias municipais.

4. Cando a asistencia xurídica ás entidades públicas e fundacións a que se refire o artigo 1 deste regulamento non sexa prestada polo persoal letrado do Concello, os servizos xurídicos destas entidades deberán respectar as directrices e criterios de interpretación emanados da dirección da Asesoría Xurídica.

Artigo 7. Contratos de asesoramento externo

1. Cando sexa preciso por razóns organizativas poderase acudir ao asesoramento externo, ben para a emisión de informes xurídicos ben para a defensa e representación procesual do Concello.

2. Con carácter previo á preparación dos contratos que teñan por obxecto o asesoramento xurídico externo, o órgano proponente comunicarao á dirección da Asesoría Xurídica, que poderá emitir informe no prazo de cinco días hábiles. Nos casos en que por razón da contía ou doutras circunstancias non sexa necesaria a tramitación dun expediente nin a formalización do contrato, esta comunicación deberá realizarse coa antelación necesaria para que poida evacuar o referido informe antes de que se resolva a adxudicación do contrato.

3. Para estes efectos, entenderase por asesoramento xurídico externo os servizos de tal carácter prestados por empresas consultoras ou avogados en exercicio ao Concello, aos seus organismos autónomos ou a entidades de dereito público dependentes del.

Artigo 8. Principio de colaboración

1. Os órganos e departamentos da administración municipal prestarán a colaboración requirida pola Asesoría Xurídica para o mellor asesoramento e defensa dos intereses da Administración.

Os órganos, servizos ou organismos afectados nun proceso deberán participar na preparación e práctica das dilixencias de proba na forma que se lles solicite para a mellor defensa dos intereses da Administración ou da entidade asistida

2. A falta de resposta ou a tardanza inustificada en facilitar a devandita colaboración, de xeito que impida ou dificulte o asesoramento ou a adecuada defensa da Administración en xuízo, será posta en coñecemento do órgano competente pola dirección da Asesoría Xurídica, para aos efectos que procedan, entre os que estará, nos casos de prestación facultativa, o da non prestación da asistencia solicitada.

Título II. Do asesoramento xurídico

Artigo 9. Informes

1. Os informes da Asesoría Xurídica terán carácter facultativo, salvo que segundo unha norma legal teña carácter preceptivo, e non vinculante nin determinante.

2. Os informes, que serán escritos, fundamentaranse en dereito e versarán sobre os extremos consultados, sen prexuízo de que poidan examinarse outras cuestións derivadas do contido da consulta ou da documentación que acompañe a solicitude.

3. Os informes emitidos pola Asesoría Xurídica deberán ser asinados, en todo caso, pola persoa letrada que os realízase e a súa emisión corresponderá á dirección da Asesoría.

Artigo 10. Prazo

Os informes deberán ser evacuados no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude, salvo que unha disposición legal ou regulamentaria, o resto dos prazos do procedemento ou a complexidade da consulta permitan ou esixan outro prazo maior ou menor. O prazo interromperase cando a dirección da Asesoría Xurídica requira que se complete a documentación enviada e reiniciarse unha vez recibida.

Artigo 11. Discrepancias

1. Se durante o estudo dun expediente, a persoa letrada, aprecie que a súa independencia pode estar comprometida, por ter intervención previa na decisión sometida á súa consideración, poñerá de manifesto á dirección da Asesoría Xurídica para que se encomende, se procede, o estudo e emisión do informe a outra persoa.
2. Cando unha persoa letrada do Concello sosteña, nun asunto que lle foi consultado, un criterio discrepante do mantido en igual ou análogo asunto por outra, absterase de emitir o informe solicitado e elevará á dirección da Asesoría Xurídica unha consulta na que expoña o seu criterio, razoado en dereito, xunto co ditame do que discrepa e os demais antecedentes que considere oportunos. Neste caso, poñerá en coñecemento do órgano consultante que a emisión do informe queda pendente do criterio que sobre o caso estableza a Asesoría Xurídica municipal.
3. Do mesmo xeito, se o persoal letrado, nas súas actuacións no ámbito xurisdiccional, disentise das ordes recibidas, poderá pedir á dirección da Asesoría ser relevado no caso concreto de que se trate.
4. O persoal letrado poderá elevar á dirección da Asesoría Xurídica consulta sobre os asuntos sometidos a informe cando lle susciten dúbidas ou considere que afectan especialmente aos intereses xerais.

Artigo 12. Funcións de asesoramento e representación

No marco do establecido no artigo 2, esta Asesoría prestará funcións de asesoramento en dereito no seu respectivo ámbito.

Para estes efectos correspóndelle, nos termos que se concreten mediante as circulares ou instrucións precisas:

- a) Evacuar informes e ditames xurídicos a consultas solicitadas pola Alcaldía, a Xunta de Goberno ou os órganos directivos, a través da dirección da Asesoría Xurídica.
- b) A defensa xurisdiccional nos termos expostos no título I.
- c) A emisión dos informes xurídicos preceptivos nos termos establecidos nas diferentes normas sectoriais de superior rango a esta, en concreto o informe e participación nos procedementos de contratación pública.
- d) A proposta de actividades formativas ou de difusión, así como de traballos de investigación que teñan por finalidade o coñecemento e extensión de materias e cuestións xurídicas de interese.

Artigo 13. Órganos que poden solicitar informes e forma da petición

1. A Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, e os órganos directivos locais poden solicitar, no ámbito da súa competencia, a emisión de informe, en cuxo caso deberán de contar con informe dunha persoa funcionaria do seu departamento, no que se analice a cuestión e se concrete a dúbida; que se xuntará á petición de asistencia á asesoría.
2. A petición de informe facultativo á Asesoría Xurídica concretará o extremo ou extremos acerca dos que se solicita, fundamentando a conveniencia da solicitude.
3. Á petición do informe achegarase unha relación dos antecedentes de feito e a documentación completa que, sobre a cuestión formulada, conste no departamento e sexa precisa para a súa emisión.
4. A dirección da Asesoría poderá solicitar que se complete a información ou a documentación fornecida se esta resultara insuficiente para emitir o informe solicitado, o que interromperá o cómputo do prazo para a emisión daquel.

Artigo 14. Representación e defensa en xuízo da administración

1. A representación e defensa en xuízo da Administración e dos seus organismos autónomos, así como a das entidades públicas, sociedades mercantís e fundacións, corresponde ao persoal letrado adscrito á asesoría xurídica, que comparecerá nas causas logo da orde que emita o órgano municipal competente.
2. En casos excepcionais, logo do informe da dirección da Asesoría Xurídica, a Alcaldía poderá acordar, mediante resolución motivada, que a representación e defensa en xuízo sexa asumida por un avogado/a ou procurador/a en exercicio, baixo a supervisión da Asesoría Xurídica municipal e nos termos establecidos no artigo 7.
3. Consonte o disposto no artigo 551.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o persoal letrado do Concello ten a representación da Administración sen necesidade de procurador.

Artigo 15. Actos de comunicación procesual

1. De acordo co previsto na Lei 52/1997, do 27 do novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas nos procesos seguidos ante calquera xurisdición en que sexan parte a Administración ou os seus organismos autónomos, as notificacións, citacións, localizacións e demais actos de comunicación procesual entenderanse directamente co persoal letrado na sede da Asesoría Xurídica.

2. Para os devanditos efectos, no primeiro escrito que se dirixa aos órganos xurisdicionais farase constar a sede oficial do/a letrado/a do Concello ao que deban dirixirse as correspondentes comunicacións.

3. Todas as notificacións, citacións, localizacións e demais actos de comunicación procesual que teñan entrada no Concello serán comunicadas de inmediato á Asesoría Xurídica.

Artigo 16. Remisión de antecedentes

Os órganos, servizos ou organismos afectados nun proceso deberán enviar de forma urxente copia dos expedientes, documentos e informes que consten nas súas respectivas unidades con relación ao proceso formulado, así como cantos informes sexan solicitados. A devandita remisión terá lugar de oficio unha vez que teñan coñecemento do proceso ou logo do pedimento da Asesoría Xurídica.

A remisión do expediente aos órganos xurisdicionais, así como o emprazamento a quen teña a condición de interesado será responsabilidade do servizo responsable da tramitación deste.

Artigo 17. Autorización para o exercicio de accións

1. O exercicio de accións xudiciais en nome da Administración e dos seus organismos autónomos, e a defensa dos mesmos, requirirá acordo previo do órgano municipal competente.

2. No suposto de que no fose posible obter o acordo do órgano competente para autorizar o exercicio da acción antes do transcurso do termo procesual, corresponderá a Alcaldía realizar esta autorización e dar conta ao órgano competente na primeira sesión en que sexa posible.

3. Cando, consonte o disposto no artigo 1º.3 deste regulamento, a asistencia xurídica se preste en virtude de convenio, para o exercicio de accións xudiciais estarase ao que dispoñan as normas reitoras das respectivas entidades e o persoal letrado municipal asumirá a súa representación e defensa de acordo co previsto nos devanditos convenios.

Artigo 18. Exercicio de acciones penais

1. A Administración municipal comparecerá como parte nas causas por delitos e delitos leves en que sexa prexudicada. A comparecencia terá lugar, logo do acordo do órgano

competente do Concello, a través da Asesoría Xurídica ou dun despacho privado baixo directa dirección da Asesoría municipal e tan pronto como se teña noticia da incoación da causa. A Administración poderá intervir como acusación privada e exercerá, ademais da acción penal, a civil que proceda.

2. Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, as áreas respectivas darán coñecemento á dirección da Asesoría Xurídica, en comunicación separada, de todas as causas en que deban comparecer, consignando os feitos que as motivan, as persoas a que pode alcanzar a responsabilidade, o estado procesual en que se atopen e cantos datos sirvan de base ás instrucións que deberá emitir, para cada proceso, a dirección.

3. No obstante o previsto no parágrafo primeiro deste artigo, o persoal letrado municipal poderá comparecer e exercer as accións civís cando por razóns de urxencia non poida consultar previamente á dirección, á que se dará conta en todo caso.

4. O exercicio de accións civís en procesos penais non precisa autorización do órgano competente cando a denuncia a levara a efecto persoal funcionario en exercicio do seu cargo.

Artigo 19. Solicitude de autorización

1. Para os efectos do disposto nos artigos anteriores, a área municipal interesada dirixirá unha comunicación motivada á Asesoría Xurídica acompañando a relación de documentos e circunstancias xustificativas.

2. Cando o exercicio de accións estea sometido a prazo, de acordo coa coa lexislación procesual aplicable, a devandita comunicación e a documentación complementaria deberán ser recibidas na Asesoría Xurídica polo menos con vinte días de antelación ao cumprimento do referido prazo.

3. Recibida a comunicación a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo, a Asesoría Xurídica, sen prexuízo da facultade de reclamar a ampliación de datos ou documentos, elevará un informe proposta ao órgano municipal competente.

4. Os acordos da Xunta de Goberno do Concello que afecten á Asesoría Xurídica comunicaránse por conduto da Secretaría Xeral da Xunta de Goberno.

Artigo 20. Reconvención

Cando nun proceso civil se considere procedente formular reconvención e non sexa posible obter o acordo do órgano competente da Corporación que autorice o exercicio desta acción antes do transcurso da metade do termo procesual previsto para a

contestación, o persoal letrado a formulará sen que sexa necesaria a iniciativa do órgano ou autoridade interesado.

Artigo 21. Disposición da acción procesual

O persoal letrado non poderán realizar actos de disposición da acción procesual sen a autorización do órgano competente municipal, adoptada logo do estudo do asunto.

Artigo 22. Modificación das conclusións

O persoal letrado da Asesoría municipal, en toda clase de xuízos penais, poderá, baixo a súa responsabilidade, modificar as conclusións provisionais que se formularan cando o resultado do xuízo así o impoña ou retirar a acusación se no acto do xuízo aparece probada a exención de responsabilidade das persoas procesadas. Cando exercite esta facultade comunicarao á dirección da Asesoría Xurídica expresando os fundamentos da decisión. Igualmente, remitirase ao órgano competente, de forma inmediata, copia da sentenza que se dite.

Artigo 23. Recursos

1. O persoal letrado do Concello interporá os recursos ordinarios procedentes contra as sentenzas e autos que sexan adversos para a Administración municipal, salvo que a dirección autorice o contrario mediante resolución, co informe, se é o caso, do órgano asistido. En todo caso, a dirección autorizará a non interposición de recurso mediante resolución motivada cando a considere temeraria.
2. O persoal letrado do Concello recorrerá as providencias cando considere que poden ser adversas aos intereses da Administración.
3. Os recursos extraordinarios contra as resolucións xudiciais interporanse cando a dirección da Asesoría xurídica os considere procedentes ou o órgano con competencia na materia así o solicite. Para estes efectos, o persoal letrado participante no asunto deberá dar conta inmediata da posible procedencia de tal recurso extraordinario á dirección da Asesoría Xurídica.
4. A dirección da Asesoría Xurídica poderá emitir autorizacións ou instrucións de carácter xeral para non recorrer en determinados tipos de asuntos atendendo ás circunstancias especiais que concorran.

Artigo 24. Execución das resolucións xudiciais

1. Os órganos e servizos asistidos deberán executar as resolucións xudiciais sen prexuízo de que requira ó persoal letrado para exercitar accións procesuais ou formular incidentes de execución.

Neste sentido, é responsabilidade dos servizos municipais levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para executar as sentenzas firmes, do que se darán conta á Asesoría Xurídica para a súa constancia.

2. Para estes efectos, a Asesoría Xurídica remitirá á Xunta de Goberno ou órgano que ordenara a defensa do asunto, a recepción da resolución xudicial, indicando a súa firmeza ou a posibilidade de presentar recurso extraordinario, para que esta tome razón e ordene a súa execución nos termos indicados.

3. O persoal letrado municipal poderá tamén formular cantos incidentes de execución ou demandas executivas considere precisas, dando conta de tales actuacións á dirección da Asesoría Xurídica.

Artigo 25. Das custas

1. Os gastos orixinados por unha eventual condena en custas á entidade local, en todo tipo de procedemento, deberán ser satisfeitos pola citada entidade local, para o cal, o/a letrado/a actuante coidará de que a taxación sexa correcta e de que se exclúan as indebidas e excesivas.

2. Se se obtivese unha sentenza con expresa condena en custas da contraparte, ingresaranse na conta que a tal efecto, designe a Tesourería municipal.

3. Cando se produza condena en custas a favor do Concello ou da entidade cuxa defensa fose realizada pola Asesoría Xurídica e a sentenza non fixe a contía, o persoal letrado actuante formulará unha minuta aplicando as contías e criterios orientativos aprobados polo colexio de avogados correspondente e os aranceis dos procuradores que procedan.

Título III. Defensa de funcionarios

Artigo 26. Defensa de funcionarios, autoridades ou persoal ao servizo da Administración ou dos entes dependentes ou vinculados

1. O persoal letrado do Concello asumirá, nos termos previstos neste título, a asistencia, representación e defensa dos funcionarios, autoridades ou persoal ao servizo da Administración ou dos entes asistidos cando poidan ser parte en procedementos ante calquera orde xurisdiccional, calquera que sexa a súa posición procesual, e sempre que o dito procedemento se suscite en virtude de actos ou omisións no exercicio lexítimo da súa función ou cando cumpriran ordes da autoridade competente.

2. Non se asumirá a asistencia, defensa ou representación polos letrados integrantes da Asesoría Xurídica municipal, do persoal ou autoridades cando opten por estar representado por medio de avogados en exercicio da súa elección de acordo ás normas xerais do procedemento. Para estes efectos entenderase que renuncian á defensa do persoal letrado municipal cando comparezan ou se dirixan ao órgano xurisdiccional mediante calquera outra representación ou defensa.

Artigo 27. Autorización da defensa cos medios da asesoría xurídica municipal

1. Para que o persoal letrado do Concello poida asumir a asistencia, defensa ou representación do funcionariado, autoridades ou persoal ao servizo da Administración municipal ou dos entes asistidos, será preceptiva a autorización do órgano competente co informe previo da dirección da Asesoría.

2. A autorización outorgarase tras a solicitude da persoa interesada e logo do pedimento da persoa responsable da área ou do órgano en esta preste os seus servizos. A dita solicitude deberá xuntar cantos documentos recibira do xulgado ou tribunal ante o que se tramita o procedemento, así como calquera outro documento ou antecedente que conste nos arquivos do órgano e que poida ter relación directa co procedemento.

Artigo 28. Denegación da autorización

1. A autorización a que se refíre o artigo anterior denegarase cando:

a) Dos antecedentes remitidos se deduxa que o procedemento non se inicia en virtude de actos ou misións realizados no exercicio lexítimo das funcións inherentes ao posto de traballo ou no cumprimento dunha orde da autoridade competente.

b) Cando se aprecie a existencia de intereses contrapostos entre o Concello de Santiago de Compostela, organismos autónomos ou entidades públicas cuxa representación exerzan os letrados municipais e a autoridade, funcionario ou empregado.

2. Cando nun mesmo procedemento poida asumirse a defensa de varias autoridades, funcionarios ou empregados e se aprecie a existencia de intereses contrapostos entre eles, a dirección da Asesoría Xurídica decidirá o que considere procedente en orde á súa asistencia, defensa e representación.

Artigo 29. Revogación da autorización

A autorización xa concedida poderá ser revogada cando se aprecien de forma sobrevida

as circunstancias sinaladas no artigo anterior. Nestes casos, o letrado do Concello que actúe no procedemento comunicará mediante escrito razoado a concorrencia daquelas circunstancias á dirección coa maior brevidade posible.

Artigo 30. Externalización desta función

Esta norma non regula, loxicamente, a externalización da prestación dos servizos xurídicos de representación e defensa de autoridades e funcionarios no ámbito penal, a cal deberá respectar os criterios legal e xurisprudencialmente establecidos para tales supostos de indemnización por gastos nesta materia.

Título IV. Prevención da Corrupción

Artigo 31. Prevención da corrupción

1. O Concello de Santiago de Compostela é consciente da necesidade de dar unha resposta institucional á crecente preocupación social pola corrupción, no convencemento de que a transparencia na xestión é unha necesidade para reforzar a eficiencia das Administracións, facilitar a comunicación coa cidadanía e loitar contra a corrupción.

2. O Concello manterá as relacións de traballo e colaboración nesta materia que sexan precisas co Consello de Contas, sinaladamente promoverase a sinatura dun protocolo para o impulso efectivo de políticas de integridade e de prevención da corrupción como elementos estratéxicos para unha xestión pública responsable das corporacións locais galegas, fixando un marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público local de Galicia.

Artigo 32. Competencias da Asesoría Xurídica

Corresponde á Asesoría Xurídica municipal:

- Impulsar a participación na elaboración dos plans de prevención de riscos da corrupción que se elaboren no seo da entidade.
- Participar na execución e desenvolvemento das accións que se leven a cabo para eliminar ou minimizar os riscos de corrupción, sinaladamente na elaboracións de mapas de risco, formación e asistencia xurídica.
- Prestar asesoramento nesta materia cando así o solicite calquera órgano dos que reciben asesoramento xurídico.

- A formación dos empregados públicos en materia de prevención da corrupción: deberá de participar activamente na elaboración e actualización dos plans de formación da entidade así como recibir a formación necesaria de cara a adquisición de coñecementos nos ámbitos da ética, a integridade pública e o control da corrupción.

Disposición adicional primeira. Colaboración

O asesoramento xurídico facultativo prestado pola Asesoría Xurídica desempeñárase en colaboración e respecto coas mesmas funcións prestadas polo habilitado nacional presente na Xunta de Goberno.

Disposición adicional segunda. Asesguramento

O Concello de Santiago de Compostela garantirá que o seu seguro de responsabilidade civil cubra, en contía suficiente, as actuacións realizadas polo persoal letrado da Asesoría Xurídica municipal no exercicio das súas funcións.

Disposición adicional terceira. Uso de medios electrónicos

Co obxecto de simplificar os trámites, reducir os prazos das comunicación e facilitar un funcionamento máis eficaz, a Asesoría Xurídica utilizará medios electrónicos para remitir aos órganos, servizos e entidades asistidos as comunicacións recibidas dos órganos xurisdiccionais, así como as actuacións que desenvolve en materia consultiva.

Disposición adicional cuarta. Desenvolvemento do regulamento

O regulado nesta norma, así como calquera outra cuestión que se xulgue de interese para o correcto funcionamento da Asesoría Xurídica ou para as súas relacións con outros departamentos, poderá ser explicado ou desenvolto mediante as oportunas instrucións, circulares ou ordes de servizo nos termos regulados na normativa administrativa.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o establecido neste regulamento.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

b) Someter a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, dito acordo de aprobación inicial publicarase no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

c) Concluído o período de información pública, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En caso contrario, resolveranse estas e procedérase á aprobación definitiva polo Pleno.

c) Publicación íntegra do texto aprobado definitivamente no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende a comunicación do acordo, conforme ao artigo 65.2, da Lei 7/1985, do 2 de abril.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

A proposta da alcaldía relativa ás dedicacións exclusivas dos membros da corporación, de 28 de outubro de 2019, ten o seguinte contido:

“A vista da proposta do voceiro do grupo municipal do PP, relativa á solicitude de dividir unha das dedicacións exclusivas a disposición do grupo maioritario da oposición que foron aprobadas polo Pleno da Corporación o pasado 28 de xuño de 2019, é polo que presenta para a súa aprobación a seguinte proposta:

Que unha das dedicacións exclusivas a disposición do grupo maioritario da oposición (PP), poderá dividirse en dúas dedicacións parciais: unha cun máximo de 22,5 horas/semanais e a outra cun máximo de 15 horas/semanais, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do grupo A1, Nivel 26.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 20 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais Socialista, Popular e BNG (10 PSdeG-PSOE, 8 PP e 2 BNG), e 4 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal de CA, acorda que unha das dedicacións exclusivas a disposición do grupo maioritario da oposición (PP), poderá dividirse en dúas dedicacións parciais: unha cun máximo de 22,5 horas/semanais e a outra cun máximo de 15 horas/semanais, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do grupo A1, Nivel 26.



O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 10:55 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

Xosé A. Sánchez Bugallo

O secretario xeral do pleno,

José Ramón Alonso Fernández